



CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de agosto de 2026**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día sete de agosto de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración municipal, Sra. Saborido Díaz (RA 31/07/2026), e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(656).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 31 de xullo de 2026 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(657).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZO DO MANTEMENTO DE LICENZAS “ZIMBRA COLLABORATION SUITE EDICION PROFESSIONAL” E SOPORTE DO SISTEMA DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO “ZIMBRA”. EXPTE. 10938/113.**

Visto o informe xurídico de data 31/07/2026 e o informe de fiscalización do 03/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/07/2026, asinado polo técnico responsable de seguridade informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 07/08/2026



## ANTECEDENTES

1.- En data 11/02/2026 o Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciaron o expediente coa finalidade da contratación do mantemento de licencias “Zimbra Collaboration suite version 10” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra” coas ferramentas de colaboración e seguridade integradas.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/02/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática o 17/04/2026 e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 20/04/2026.
- Memoria económica do contrato de data 14/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 25/05/2026 asinados pola Técnica de Contabilidade.
- Memoria xustificativa do contrato de data 26/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 02/07/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Informe da Técnica de Administración Xeral de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07/07/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 31/07/2026.

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 11/02/2026 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, tramítase como un contrato mixto de servizos e subministros.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de

S.ord. 07/08/2026



contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento de licencias “Zimbra Collaboration suite version 10” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra” coas ferramentas de colaboración e seguridade integradas, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/02/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática o 17/04/2026 e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 20/04/2026.

- Memoria económica do contrato de data 14/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 25/05/2026 asinados pola Técnica de Contabilidade.

- Memoria xustificativa do contrato de data 26/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 02/07/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Técnica de Administración Xeral de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07/07/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 31/07/2026.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **67.666,15 €**, que inclúe un IVE de 11.743,71 €, dende o 1 de outubro de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

| Exercicio | Concepto                                  | Partida      | Base      | IVE       | TOTAL     |
|-----------|-------------------------------------------|--------------|-----------|-----------|-----------|
| 2026      | Arrendamento Informáticos e software equ. | 9207.2060000 | 49.563,26 | 10.408,28 | 59.971,54 |
| 2026      | Mantemento software                       | 9207.2279902 | 6.359,18  | 1.335,43  | 7.694,61  |
| TOTAL     |                                           |              | 55.922,44 | 11.743,71 | 67.666,15 |

**TERCEIRO.-** Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente os gasto de **295.333,85 €**, que inclúe un IVE de 51.256,29 €, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| Exercicio | Concepto                                  | Partida      | Base       | IVE       | TOTAL      |
|-----------|-------------------------------------------|--------------|------------|-----------|------------|
| 2027      | Arrendamento Informáticos e software equ. | 9207.2060000 | 49.563,26  | 10.408,28 | 59.971,54  |
| 2027      | Mantemento software                       | 9207.2279902 | 25.436,74  | 5.341,72  | 30.778,46  |
| 2028      | Arrendamento Informáticos e software equ. | 9207.2060000 | 49.563,26  | 10.408,28 | 59.971,54  |
| 2028      | Mantemento software                       | 9207.2279902 | 25.436,74  | 5.341,72  | 30.778,46  |
| 2029      | Arrendamento Informáticos e software equ. | 9207.2060000 | 49.563,26  | 10.408,28 | 59.971,54  |
| 2029      | Mantemento software                       | 9207.2279902 | 25.436,74  | 5.341,72  | 30.778,46  |
| 2030      | Mantemento software                       | 9207.2279902 | 19.077,56  | 4.006,29  | 23.083,85  |
| TOTAL     |                                           |              | 244.077,56 | 51.256,29 | 295.333,85 |

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 07/08/2026



### **3(658).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS RECOLLIDAS NO PROGRAMA EDUCATIVO DE VIGONATURE. EXPTE. 13006/612.**

Visto o informe de fiscalización do 31/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 30/07/2026, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de Vigonature (13006-612) (emenda de documentación)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de Vigonature (13006-612)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 4 de maio de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de VigoNature. (exp.13006-612).*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoNature con data 23/12/25 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 14/04/26.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 128.973,07 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración ( 22.383,75 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.226.99.01 “Actividades programa educativo”.*

*CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 18 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de Vignature (13006-612) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador                                                             | Puntuación total |
|---|-----------------------------------------------------------------------|------------------|
| 1 | ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL | 94,60            |

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, o día 19 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida o día 6 de xullo, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 16 de xullo de 2026, revisou a documentación presentada e acordou conceder 3 días naturais ao licitador para que puidese emendala, concretamente os Anexos IV e V do PCAP e a acreditación da solvencia técnica e profesional segundo a cláusula 18.3.4 do PCAP.

Con data do 20 de xullo de 2026, dentro do prazo concedido, o licitador presenta correctamente a documentación requirida.

A documentación presentada, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, así como, a clasificación da mercantil.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

S.ord. 07/08/2026



- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (45.140,57 €), presentan as contas do ano 2024, figurando no expediente o certificado de inscrición das mesmas no Rexistro Mercantil, nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (45.140,57 €), a suma das sumas das contías dos certificados de boa execución do ano 2025 presentados xunto co informe de boa execución asinado o 15 de xullo de 2026 polo director de Réxime Interior de VigoNature que figura no expediente, supera a cantidade requirida.
- Autoliquidación do importe da garantía definitiva (5.554,80 €).

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TXSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de maio e 15 de xuño de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de Vigonature (13006-612) por un prezo total do contrato de 121.012,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.002,10 euros, e coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo da parte fixa do contrato é de 107.598,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.674,03 euros.*
- b) *O prezo da parte variable do contrato é de 13.414,09 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.328,07 euros*
- c) *Os prezos unitarios a aplicar á parte variable do contrato son os seguintes:*

|                           | 2026       | 2027       | 2028       |
|---------------------------|------------|------------|------------|
| Categoría                 | Prezo/hora | Prezo/hora | Prezo/hora |
| Dinamizador/a actividades | 16,39 €    | 16,59 €    | 17,00 €    |
| Monitor/a de Tempo Libre  | 14,58 €    | 15,03 €    | 15,59 €    |
| Bolsa de horas Educador/a | 14,58 €    | 15,03 €    | 15,59 €    |

- d) *A redución da ratio respecto da mínima obrigatoria do PPT (1:25) é a seguinte: 1:18.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(659).- INCIDENCIA NUN PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 7210/241.**

Omítese o contido deste expediente por ser confidencial ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

S.ord. 07/08/2026



**5(660).- ADHESIÓN AO 6º CONVENIO MARCO EN MATERIA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS, DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DE UN SÓ USO. EXPTE. 9129/252.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/07/2026, asinado polo xefe de Limpeza, o técnico de Administración xeral e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

No DOG nº 30 do 13 de febreiro de 2026 publicouse a resolución de 5 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se acorda dar publicidade á sinatura do convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de envases domésticos, de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso, de 29 de xaneiro de 2026.

O novo convenio marco foi asinado pola Conselleira de medio ambiente e pola entidade ECOEMBES co obxecto de establecer as condicións para a recollida separadas, xestión e reciclaxe dos residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Convenio marco non inclúe cláusula de adhesión automática polo que o Concello de Vigo debe acordar especificamente a súa adhesión se así o considera.

O Convenio Marco establece tres modalidades organizativas para a xestión dos residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso:

- a) Modalidade A: «SRAP organiza totalmente e financia»
- b) Modalidade B: «SRAP organiza parcialmente e financia»
- c) Modalidade C: «SRAP financia».

O Convenio Marco establece dúas modalidades de designación para o recuperador/reciclador dos residuos de papel e cartón procedentes da recollida selectiva monomaterial:

- O SRAP designe ao recuperador ou reciclador ao que se entregará o material recolleito
- A entidade designará ao recuperador ou reciclador ao que lle entregará o material recolleito, comprometéndose a comunicar a devandita designación ao SRAP.

As condicións específicas da organización das operacións de xestión e as compensacións económicas que os SRAP deban aboarlles ás EELL en función da modalidade elixida por estas no momento da súa adhesión ao convenio detállanse no convenio marco.

En data 25 de febreiro do 2026 iniciouse o expediente par a adhesión do Concello de Vigo ao Convenio marco con ECOEMBES, e en data 31/07/2026 o responsable municipal do servizo de xestión de residuos, co conforme do Concelleiro delegado, emitiu informe no que conclúe que a adhesión ao 6º convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso, coa modalidade de adhesión B “SRAP organiza parcialmente e financia”, repercute positivamente no interese público xeral.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Conclúe tamén que a adhesión ao convenio marco é necesaria para a correcta xestión dos residuos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso de modo que poidan acadarse no Concello de Vigo os obxectivos de reciclaxe e recollida establecidos nos artigos 26.1 e 59.1 da Lei 7/2022, o 8 de abril de residuos e chans contaminados, establecendo as condicións económicas cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor para o financiamento desta recollida na cidade.

As condicións económicas establecidas no Convenio producen un impacto positivo no Concello dado que o SRAP sufraga os custes da recollida dos residuos ingresando nas arcas municipais os importes que resultan dos cálculos que nel se establecen por cada tonelada recollida. Neste senso é polo que se afirma que a adhesión ao convenio mellora a eficacia da xestión pública na recollida dos residuos de envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón.

De acordo cos antecedentes e fundamentos expostos no informe de 31/07/2027, considérase oportuna e de interese público municipal a adhesión ao 6º convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso, coa modalidade de adhesión B “SRAP organiza parcialmente e financia”, coa modalidade de designación “A entidade designará ao recuperador ou reciclador ao que lle entregará o material recolleito, comprometéndose a comunicar a devandita designación ao SRAP”, sendo o órgano competente para a aprobación a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da alcaldía sobre delegación de competencias.

### NORMATIVA APLICABLE

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-TÉCNICAS

**PRIMEIRO.-** A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular,

S.ord. 07/08/2026



establecen que lles corresponde ás entidades locais a obrigaón de xestionar os residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos.

**SEGUNDO.-** A Lei 7/2022, do 8 de abril, establece no seu artigo 38.1 que o produtor do artigo cumprirá coas obrigaóns que se establezan nos réximes de responsabilidade ampliada do produtor de forma individual ou de forma colectiva, a través da constitución dos correspondentes sistemas de responsabilidade ampliada. Os artigos 44.1 da Lei 7/2022, e 21.1.c) do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, establecen que os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor formalizarán convenios para financiar e, de ser o caso, organizar a xestión dos residuos de envases cando as administracións públicas interveñan na organización da xestión dos residuos.

**TERCEIRO.-** O Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión destes residuos no marco xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido na Lei 7/2022, do 8 de abril, e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos. Igualmente, ten por obxecto acordar as condicións económicas que rexerán as relacións entre as partes.

**CUARTO.-** A adhesión do concello de Vigo ao Convenio marco debe realizarse mediante a Modalidade B: «SRAP organiza parcialmente e financia», coa modalidade de designación: “A entidade designará ao recuperador ou reciclador ao que lle entregará o material recollido, comprometéndose a comunicar a devandita designación ao SRAP”, tal como se xustifica na memoria asinada polo funcionario xefe do servizo de limpeza e residuos o 31/07/2026 que consta no expediente.

**QUINTO.-** A adhesión produce un impacto positivo no Concello dado que o SRAP sufraga os custos da recollida dos residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso, ingresando nas arcas municipais os importes que resultan dos cálculos que nel se establecen por cada tonelada de material recollido, polo que a adhesión ao convenio mellora a eficacia da xestión pública na recollida destes residuos.

**SEXTO.-** Por resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 delegouse na Xunta de Goberno Local a adopción dos acordos de adhesión aos convenios e acordos municipais que se precisen relativos a estes.

Non se require informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal xa que o acordo non implica gasto (artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local)

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adhesión do Concello de Vigo ao 6º convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de envases domésticos, de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso, de 29 de xaneiro de 2026.

**SEGUNDO.-** Establecer como modelo de adhesión o de «SRAP organiza parcialmente e financia», coa modalidade de designación: “A entidade designará ao recuperador ou reciclador ao que lle entregará o material recolleito, comprometéndose a comunicar a devandita designación ao SRAP”, asumindo os seguintes compromisos e condicións particulares:

### COMPROMISOS.

#### 1.- Adhesión ao Convenio marco

*A Entidade manifesta coñecer o contido do Convenio Marco, incluídos todos os seus Anexos, quedando obrigada polo seu contido naquilo que sexa de aplicación en función do réxime competencial de xestión aplicable.*

*De acordo ao previsto no Convenio Marco, o Concello de Vigo subscribe o presente Protocolo de Adhesión de acordo coas cláusulas establecidas no mencionado Convenio Marco e coas seguintes condicións particulares.*

### CONDICIÓNS PARTICULARES.

#### 2.- Declaración responsable

*A Entidade comprométese na aceptación formal das condicións establecidas no presente Convenio Marco, no que se regulan as condicións da súa participación.*

*A Entidade manifesta que as cantidades devindicadas en aplicación do Convenio marco serán destinadas ao financiamento de todas as actuacións previstas nel e en ningún caso para fins distintos aos descritos no presente Convenio marco.*

*Ademais, a Entidade manifesta que poñerá en marcha as medidas necesarias para lograr unha mellora continua dos resultados e eficiencia do sistema, permitindo para iso a participación e colaboración da Comunidade Autónoma e do SRAP.*

*Igualmente, tomará as medidas necesarias en caso de detectar desviacións ou incumprimentos no ámbito das citadas operacións.*

#### 3.- Vixencia e Resolución do Convenio de Adhesión

*O presente Convenio entra en vigor á sinatura do mesmo, e ten unha duración ata a data na que expire o Convenio Marco ao que se adhire.*

*No caso de prórroga do Convenio Marco, entenderase prorrogada a adhesión ao novo Convenio Marco salvo que no prazo dun mes desde a/s data/s en que este deba entenderse prorrogado, a Entidade manifeste o contrario por escrito á Comunidade Autónoma.*

*O presente Convenio de adhesión será resolto polas seguintes causas:*

- Por transcurso do prazo fixado como duración no presente Convenio.*
- Por resolución do Convenio marco entre a Comunidade Autónoma e o SRAP.*

S.ord. 07/08/2026



- *Pola integración noutra Entidade que teñan asinado Convenio de adhesión ao Convenio marco.*
- *Por mutuo acordo das partes.*
- *Por incumprimento reiterado por parte da Entidade das obrigacións asumidas no presente Convenio.*
- *Por calquera outra causa prevista no marco normativo vixente.*

**TERCEIRO.-** Facultar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a formalización do acto de adhesión ao Convenio conforme ao modelo do Anexo XII de dito convenio. Dito nomeamento alcanza a todos os efectos a conformación final do contido da documentación obrigatoria en relación á adhesión, así como a execución de todos os trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma na ligazón que se inclúe nese anexo.

**CUARTO.-** Notificar a adhesión á Xunta de Galicia conforme ao indicado no anexo XII do Convenio Marco.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(661).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DA PARCELA Nº 3659 DO IMBD (INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS) NA RÚA MIRAGAIA CO ACOPIO DE MATERIAIS DE OBRA E GRÚA. EXPTE. 22474/240.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/07/2026, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **Normativa de aplicación.**

- LRBRL (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).
- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

#### **Antecedentes:**

**Primeiro.-** Mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 17 de xuño do 2026, solicitouse `pola entidade ANJOCA SL, autorización para a ocupación de





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

parcela municipal, con referencia catastral 4065057 NG2736N, *para uso de entrada y salida de vehículos e instalación de grúa torre y la misma duración que la de la licencia de obra asociada (36 meses.Expediente 111992 / 421).*

O 10/07/2026 presenta a solicitante unha MEMORIA TÉCNICA JUSTIFICATIVA DE LA NECESIDAD DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE PARCELA MUNICIPAL PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE EDIFICIO DE VIVIENDAS, LOCAL COMERCIAL, GARAJES Y TRASTEROS EN RÚA AREAL No 120 / CALLEJÓN YÁÑEZ S/N. VIGO (PONTEVEDRA), asinada polo arquitecto técnico Adriano Iglesia Pardavial, onde sinala no obxecto da memoria que:

La ocupación solicitada tiene como finalidad permitir la implantación temporal de las instalaciones auxiliares de obra, la ubicación de la grúa torre, la ejecución de maniobras de carga y descarga, la circulación interior de maquinaria y vehículos pesados y la habilitación de un acceso provisional desde Rúa Miragaia, todo ello durante el plazo previsto de ejecución de las obras.(...).

No se pretende mediante esta solicitud obtener una mayor superficie útil para la ejecución material de la edificación, sino desplazar al interior de un recinto controlado aquellas operaciones auxiliares que, de no autorizarse la ocupación temporal de la parcela municipal, necesariamente deberían desarrollarse sobre la vía pública, incrementando los riesgos para peatones y vehículos y ocasionando una afección considerablemente superior sobre la actividad ordinaria de la ciudad.

*Desde esta perspectiva, la ocupación temporal de la parcela municipal debe entenderse como una medida destinada a minimizar las interferencias entre la actividad constructiva y el uso cotidiano del espacio urbano, priorizando la seguridad de las personas y la continuidad de la movilidad peatonal y rodada.*

**Segundo.-** Na instrución do expediente emitíuse informe pola arquitecta técnica de Patrimonio, en data 15 de xullo do 2026, no que informa:

*En resposta á solicitude da Concellería de Patrimonio do Concello de Vigo de data 15/07/2026, interesando informe sobre a memoria técnica xustificativa presentada polo interesado no presente expediente 22474/240, maniféstase o seguinte:*

*Obxecto da solicitude:*

*O interesado presenta solicitude de ocupación temporal da parcela con referencia catastral 4065057NG2736N localizada na Rúa Miragaia s/n.*

*Sobre a mesma, consta a propiedade de titularidade pública municipal rexistrada co número de ben 3659 do Epígrafe I – Bens Inmóbeis pertencente ó Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo plenario en data 28/07/2025.*

*Descrición da parcela:*


*A propiedade no 3659 de 508,00 m<sup>2</sup> na actualidade é un soar sen edificar, destinado a uso exclusivo dotacional emprazado en SUC.*

*Diferenciada en dúas porcións separadas por un valado de obra:*

- *Porción A (cor vermella) de arredor de 353,00 m<sup>2</sup> diáfanos, de planimetría sensiblemente horizontal e confinada polo mencionado valado.*
- *Porción B (cor azul) de arredor de 155,00 m<sup>2</sup> pavimentada e urbanizada, destinada a acceso peonil.*

S.ord. 07/08/2026





*Análise solicitude:*

*Analizada a memoria técnica da solicitude, xustifícase a necesidade de ocupación baseándose, entre outros, sobre o principio de eliminación de riscos en orixe ó evitar ou limitar a ocupación de vías de circulación de vehículos e peoniles existentes nos ventos norte e este da parcela sobre a que se obtivo licenza de obras (expte 111992/421).*

*Non sendo cometido da técnico que subscribe avaliar a idoneidade da ocupación da parcela no que respecta á instalación de medios de elevación, equipos, vehículos ou maquinaria; instalacións auxiliares; así como o proceso de escavación, contención de terras, acopio, carga e izado de materiais e/ou construción en xeral.*

*Conclusiones:*

*Considérase axeitadamente xustificada a necesidade de ocupación temporal da PORCIÓN A (353,00 m<sup>2</sup>) da parcela con referencia catastral 4065057NG2736N, articulando tal consideración sobre o reflectido no artigo 2 da Ley 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riesgos Laborales, onde se sinala que un dos principios xerais da prevención de riscos é a eliminación ou diminución de riscos durante a execución da obra con licencia contida no expediente 111992/421.*

*Consideracións da ocupación:*

*A PORCIÓN A (de 353,00 m<sup>2</sup>) da parcela deberá ocuparse exclusivamente coa finalidade descrita no informe xustificativo contida no presente expediente, quedando completamente excluída a PORCIÓN B. Por un prazo máximo de 36 (trinta e seis) meses.*

*A parcela deberá reverter de novo no Concello de Vigo nas mesmas condicións nas que se atopa na actualidade, axeitadamente valada, diáfana e despexada, con planimetría horizontal e libre de escombros ou terras.*

*Non corresponde ó Servizo de Patrimonio a autorización da habilitación de acceso provisional de vehículos de obra.*

*En caso de que o Concello de Vigo precise a utilización da parcela, a empresa interesada deberá proceder a la liberalización da mesma nun prazo máximo de unha (1) semana dende a data da súa notificación.*

*Fíxase unha fianza de 10.000,00 € (dez mil euros).*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

### Fundamentos de dereito:

**Primeiro.-** A parcela municipal, cuxa ocupación con materiais de construción e grúa plantexa a interesada, correspóndese coa propiedade n.º 3659 do Epígrafe I – Bens Inmóbeis pertencente ó Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario en data 28/07/2025, e de natureza demanial por seu destino a usos dotacionais públicos.

A parcela, dunha superficie de 508 mº, na actualidade é un soar sen edificar (informe da Arquitecta técnica de Patrimonio), non adicada, polo tanto, a usos ou servizos municipais.

Na mesma, pódese diferenciar dúas porcións separadas por un valado, reflectidas no informe técnico emitido:

- Porción A (cor vermella) de arredor de 353,00 m 2 diáfanos, de planimetría sensiblemente horizontal e confinada polo mencionado valado.
- Porción B (cor azul) de arredor de 155,00 m2 pavimentada e urbanizada, destinada a acceso peonil.

Resultando a descrita como “Porción A”, obxecto da presente autorización administrativa.

**Segundo.-** A natureza demanial co que figura a parcela municipal obxecto de cesión, aínda que non responda na actualidade a unha adscrición ou afectación determinada a prestación dun servizo público municipal, exige en atención a dita calificación, a suxeición os principios e réxime xurídico de aplicación os bens de dominio público (art. 5 e 6 LPAP), debéndose naqueles casos nos que se prevea, na execución dun proxecto ou plan municipal, o acceso ou utilización privativa ou especial por terceiros que exclúan ou limiten o xeral que correspóndelle a ditos bens pola súa natureza xurídica, atender o réxime xurídico previsto na normativa reguladora do patrimonio das Administracións públicas, co outorgamento do título habilitante que no seu caso resulte procedente (art. 84 LPAAPP).

Conseguentemente, no presente caso, a utilización pola entidade interesada, de dita parcela, precisa a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

**Terceiro.-** O outorgamento desa autorización demanial estará suxeito ás condicións xerais e particulares contempladas nesa normativa do patrimonio das AAPP e, entre outras, as establecidas no artigo 92.7 LPAP que regula: o réxime de uso do ben; o económico a que queda suxeita a autorización; a garantía a prestar; a asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe; o compromiso dá previa obtención de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben; a asunción da responsabilidade derivada da ocupación (formalización da oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía); a aceptación da revogación unilateral pola administración, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público; as facultades inspectoras do Concello sobre o ben obxecto de autorización; o prazo e réxime de prórroga; e as causas de extinción.

Neste senso, pódese sinalar, entre outras, as seguintes consideracións no outorgamento da autorización:

S.ord. 07/08/2026



- De acordo co disposto nos arts. 92.1 LPAP e 77.2 RBEL, as autorizacións outorgaranse directamente, por tempo determinado, sendo seu prazo máximo de duración de 4 anos, incluídas as prórrogas. Neste caso, o tempo de duracións será o previsto para a execución das obras(36 meses).
- O réxime económico que regula a ocupación do demanio, establece que as autorizacións/concesións poderán ser gratúitas, outorgarse con contraprestación ou con condicións, ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público (...). No presente caso, a autorización estará suxeita ó aboamento das taxas correspondentes por ocupación do dominio público municipal, de acordo co disposto na Ordenanza Fiscal correspondente.
- Segundo estímase polos servizos técnicos, establecece unha garantía de 10.000 € euros, que deberá constituír a entidade solicitante, para responder do cumprimento das súas obrigas, consonte o previsto no art. 92.6 LPAP.
- Deberá concertarse, pola solicitante, a subscripción dun seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, cun límite de indemnización non inferior a 600.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais ocasionados a terceiros ou o propio Concello de Vigo.

A póliza reseñada deberá prestar cobertura durante todo o período de vixencia da autorización administrativa e ata a conclusión da mesma e polas reclamacións acontecidas durante este período e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

Antes da formalización da autorización, será necesaria a presentación por Rexistro da póliza subscrita e firmada pola Aseguradora, así como tamén do correspondente recibo liquidado.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos no seguro contratado, deberá ser soportada pola empresa.

A empresa obrígase a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos na póliza de seguro. A contratación da póliza descrita non eximirá nin limitará as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto da autorización.

**Cuarto.-** Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso privativo da parcela municipal, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** *Declarar como non necesario ós servizos municipais do Concello, a “Porción A” de 353,00 m2, da parcela municipal nº 3659 do Ep.I-Inmobles do IMBD, sita na rúa Miragaia s/n desta cidade de Vigo, reflectida no plano obrante no informe da Arquitecta Técnica de Patrimonio de data 15/07/2026.*

**Segundo.-** *Autorizar á ANJOCA SL (NIF B15017452) a ocupación e uso temporal desa porción A da parcela municipal nº 3659, para instalacións auxiliares de obra, ubicación da*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

grúa torre, e demais fins referidos na Memoria técnica xustificativa, de data 10/07/2026 achegada pola interesada.

**Terceiro.-** A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ó dereito á ocupación e uso da parcela municipal, sen que en ningún caso supoña cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre dito inmóbel.

2º.-A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes pola ocupación do dominio publico municipal, de acordo co disposto nas Ordenanzas Fiscais Reguladoras do aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio publico.

3º.- O prazo da autorización fíxase en tres anos, prorrogable por un ano mais, mediante acordo expreso desta Administración e previa a súa solicitude polo usuario feita cunha antelación de tres meses ó remate do prazo fixado.

O inicio do cómputo de prazo será dende o día seguinte á data na que se formalice, en documento administrativo, o outorgamento da autorización.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- A autorizada estará obrigada a satisfacer, os tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola autorización da que é titular.

6ª.-O Concello carece de responsabilidade algunha sobre a parcela e os materiais nela depositados, non respondendo dos posibles danos, avarías, deterioros ou destrución total ou parcial que poidan sufrir, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuítos ou forza maior.

7º.- A entidade autorizada deberá:

A) Depositar unha fianza por importe de 10.000 euros, para responder do cumprimento das súas obrigas, consonte o previsto no art. 92.6 LPAP.

B) Subscribir un seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, cun límite de indemnización non inferior a 600.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais ocasionados a terceiros ou o propio Concello de Vigo.

A póliza reseñada deberá prestar cobertura durante todo o período de vixencia da autorización administrativa e ata a conclusión da mesma e polas reclamacións acontecidas durante este período e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización. Antes da formalización da autorización, será necesaria a presentación por Rexistro da póliza subscrita e firmada pola Aseguradora, así como tamén do correspondente recibo liquidado, debendo posteriormente con periodicidade anual, acreditar súa renovación e vixencia.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos no seguro contratado, deberá ser soportada pola empresa.

A empresa obrigase a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos na póliza de seguro. A contratación da póliza descrita non eximirá nin limitará as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto da autorización.

C) Permitir o acceso á parcela, á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.

8º.- Facultades do Concello

S.ord. 07/08/2026



a)- O Concello resérvase a facultade da revogación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de tres meses, por razóns de interese público, sen que por iso se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da autorizada.

b)- O Concello resérvase a facultade de inspeccionar o estado da parcela e a súa dedicación os fins autorizados. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario a revogación da autorización.

9º.- A autorización extinguirase pola concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 100 da LPAP, e as seguintes::

- a) Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada a autorización.
- b) A dedicación da parcela a usos ou fins distintos ós autorizados.
- c) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- d) Non atender as ordes ou instrucións ditadas polo Concello.
- e) A revogación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da cesionaria.

10º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu desaloxo e posta a disposición do Concello nun prazo máximo de unha (1) semana, dende a data da notificación da extinción, debendo reverter nas mesmas condicións nas que foi cedida, valada, lóbreaga, con planimetría horizontal e libre de escombros ou terras, correndo do seu cargo os gastos que se xeren.

**Cuarto.-** A presente autorización formalizarase en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **7(662).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO NO PROCEDEMENTO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DA XEFATURA DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 48762/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/08/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 26 de xuño do 2026, acordou a aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística polo procedemento de concurso específico, e tramitada no presente expediente electrónico nº 48.762-220.

Ditas actuacións enmárcanse na actividade municipal continuada tendente á efectiva execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022; tendo sido publicado dito acordo no BOPPO nº 125, do venres 3 de xullo do 2026.

**2.-** Contra o acordo de aprobación das bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local consta presentado o seguinte recurso de reposición:

| Recorrente    | Data       | Nº de documento |
|---------------|------------|-----------------|
| M. Núñez Aboy | 08/07/2026 | 260188928       |

**3.-** Sendo a obriga das Administracións Públicas a de provisión definitiva dos seus postos de traballo con estricta suxeición á normativa vixente, cómpre analizar o recurso presentado, determinando as actuacións procedentes e elevando as correspondentes propostas aos órganos municipais competentes.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**CUESTIÓN PREVIA.-** Con carácter previo á abordaxe da análise xurídica do presente expediente, déixase constancia expresa do feito de que xa en informes de datas 21/03/2011 (emitido por quen subscribe ao expediente administrativo nº 21.900/220, e cuxo contido foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/03/2011) e 05/05/2017 (emitido, tamén por quen subscribe, ao expediente electrónico nº 27.913/220) foi posta de manifesto, por primeira vez e que se teña constancia, a necesidade de efectuar a provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, e singularmente daqueles encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación.

Sen que se teñan localizado nos arquivos da área antecedentes documentais datados con anterioridade ao ano 2006, nos cales se sinalase a necesidade de cumprimento de ditas obrigas normativas.

Exposta dita cuestión previa, procédese á emisión de informe sobre os recursos presentados.

#### I.- SOBRE OS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN: LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN E ADMISIBILIDADE.

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que *“los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto”*; e contemplando o segundo precepto invocado que *“el plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso*

S.ord. 07/08/2026



*extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso”.*

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse á recorrente a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, na súa condición de persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo, e en consecuencia, de persoa potencialmente interesada en optar aos procesos de provisión definitiva de postos de traballo existentes na Administración Municipal.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentado en tempo e forma o recurso relacionado nos antecedentes.

## **II.- SOBRE O RECURSO PRESENTADO: CUESTIÓN DE FONDO.**

En primeiro lugar, cómpre centrar, para evitar posibles confusións, o verdadeiro obxecto de debate, que non é outro que a convocatoria para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística polo sistema de concurso específico

Isto indícase a colación de que, tal e como se indica no escrito da recorrente, parte das alegacións agora esgrimidas no recurso, fan referencia á súa vez a alegacións que a propia recorrente presentou no seu día contra o procedemento de provisión temporal en comisión de servizo do posto citado (expediente 46797-220) e que xa foron cumpridamente informadas e resoltas en forma expresa por acto administrativo de data 29/12/2025 -que consta notificado á recorrente en data 30/12/2025, segundo acuse de recibo obrante no expediente (trámite 75) -.

Polo tanto, as alegacións referidas ás cuestións xa discutidas e resoltas no expediente de provisión temporal e no propio da relación de postos de traballo do Concello de Vigo aprobada en 2025 non serán obxecto de contestación no presente recurso, dado que exceden do obxecto de debate da resolución recorrida, e porque non pode utilizarse o presente procedemento de provisión definitiva como canle de recurso indirecto contra a aprobación do citado instrumento de relación de postos de traballo que ten a súa propia tramitación.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Deste xeito, con respecto a aquelas cuestións referidas as discrepancias postas de manifesto pola agora recorrente no trámite de audiencia para alegacións da RPT, remitímonos integramente ás contestacións recollidas no acordo adoptado aos efectos pola Xunta de Goberno Local de data 05/12/2025. Acordo que foi publicado no BOPPO de 11/12/2025 e no cal se recollen ao pé aqueles recursos que as persoas interesadas poden interpor contra o citado acordo nos prazos establecidos, no caso de que así o consideren oportuno na defensa dos seus dereitos e intereses.

Posto de manifesto o anterior, e con relación ás alegacións agora recollidas no presente recurso, procedemos á realizar a seguinte análise.

-Con respecto a que a forma de acceso para xefatura de normalización se estableza indistintamente para os subgrupos A1/A2, igual que outras xefaturas de servizo similares, remitímonos integramente ao contestado á recorrente no acordo de aprobación definitiva da RPT 2025 de 05/12/2025 (expediente 46152/2209) .

-No referido á alegación sobre a obrigatoriedade de abrir a convocatoria exclusivamente ás persoas funcionarias do Concello de Vigo (sen posibilidade de apertura a persoal externo) remitímonos igualmente ao contestado no acordo de aprobación definitiva da RPT.

A maiores, lembramos que a propia RPT 2025, no seu apartado “convocatoria” recolle o seguinte:

*“Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo.”*

No presente suposto, a xefatura cuxa provisión temporal agora se pretende cubrir mediante o procedemento de comisión de servizos, tería encaixe nos supostos previstos do citado apartado, con posibilidade de apertura a persoal externo ao Concello de Vigo, establecendo a RPT vixente no momento de aprobación das bases e convocatoria os requisitos seguintes:

*“Escala: Administración Especial; Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media; Grupo: A1; Formación específica: segundo RPT (Celga 5 e grao en estudos de galego e español, lingua e literatura galegas, galego-portugués ou licenciaturas equivalentes a calquera outro grao de licenciatura da área de coñecemento e humanidades ou ciencias sociais e xurídicas segundo o espazo MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega de nivel 5 (CELGA 5)”*

Esta mesma previsión xa se atopaba expresamente recollida na RPT 2024 (BOPPO nº 183, do xoves 19 de setembro do 2024) e no mesmo instrumento aprobado nos anos anteriores (2022 e 2023) e se corresponde co directo exercicio das potestades públicas de

S.ord. 07/08/2026



planificación e de autoorganización que o art. 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás Entidades Locais; potestades cuxo exercicio motivado corresponde aos órganos competentes da Administración, e non aos funcionarios públicos. Por tanto, a apreciación da configuración da praza asociada ao posto de traballo no relativo ao subgrupo de titulación de encadramento, así como a conseguinte determinación do subgrupo de titulación ao cal se asocia o posto de traballo obxecto de convocatoria teñen sido determinados pola Administración Municipal, previa a preceptiva negociación colectiva das sucesivas plantillas municipais, e das seguintes relacións de postos de traballo, tendo como resultado a configuración do posto existente na actualidade.

-No que respecta á afirmación contida no recurso que sinala que "a RPT establece que con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. No caso das xefaturas de servizo, como se ben observando nos últimos tempos este carácter xeral están quedando en carácter residual, xa que a maioría dos postos que se están a convocar ultimamente están abertos a outras administracións", indicar que este extremo non parece ter sustento nin base na realidade da actividade administrativa desenvolta polo Concello de Vigo nas actuacións de provisión definitiva dos postos de traballo. Así, e como pode verificarse nas publicacións realizadas nos diarios e boletíns oficiais, así como coa consulta da información pública obrante no Portal de Transparencia e na propia web municipal.

A modo de exemplo, e sempre a salvo de erro ou omisión, se citan as convocatorias seguintes:

-Xefatura da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura da Área de Servizos Xerais: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura da Área de Ingresos (Dirección de Ingresos): convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura do Servizo de Electromecánicos: primeira convocatoria convocatoria executada, convocada para persoal municipal; e segunda convocatoria executada, aberta a persoal de outras Administracións Públicas por falta de aspirantes na plantilla municipal que reunisen os requisitos ao efecto.

-Xefatura do Servizo de Seguridade: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura do Servizo de Contratación: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura do Servizo de Estatística: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

-Xefatura da Unidade Administrativa da Alcaldía: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura do Servizo de Festas: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura do Servizo de Turismo: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura do Servizo de Comercio: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

-Xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (primeira convocatoria): convocatoria executada, convocada para persoal municipal -declarada deserta por falta de aspirantes na plantilla municipal que reunisen os requisitos legais ao efecto-; e segunda convocatoria en curso, aberta a persoal de outras Administracións Públicas ante a situación anterior.

-Letrado/a asesor/a: convocatoria executada, convocada para persoal municipal (nova convocatoria en curso, aberta a persoal de outras Administracións Públicas)

-Adxunto/a á Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria: convocatoria executada, convocada para persoal municipal.

Neste punto cómpre invocar o informe de data 09/03/2022 (expediente nº 1690-110) no cal, respecto da convocatoria aberta a persoal procedente doutras Administracións Públicas para a provisión definitiva de postos de traballo do Concello de Vigo polo sistema de concurso específico, se sinala o seguinte:

*"En primeiro lugar cómpre manifestar que a relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 e instrucións sobre plantilla máis anexos que foron rectificadas por sesión do mesmos órgano 11 de outubro e 2 de novembro de 2010 determina no apartado 9 << As convocatorias de concurso ou de libre designación, efectuaranse con carácter interno, agás que en cada unha delas a Corporación acorde abridas a outro colectivo de funcionarios.>>*

*O artigo 101 da LRBRL, de carácter básico, determina" los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.*

*En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.*

S.ord. 07/08/2026



*E o artigo 38.5 do TREG determina "As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade". O artigo 208.1 da LEPG refírese a administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no está referido a apertura de postos da administración local a outros funcionarios.*

*Dentro deste marco normativo a proposta de xeito motivado recolle a posibilidade, non a obrigatoriedade, de que os postos de traballos a proveer por libre designación ou concurso específico (porcentaxe inferior ao 7% dos postos do Concello) se abran a persoal doutras administracións. Serán as bases da convocatoria de provisión de cada posto as que en atención as circunstancias concorrentes en cada momento materialicen ou non esa posibilidade de xeito que para que persoal funcionario doutras administracións poida ocupar postos do Concello de Vigo requírese que, ademáis de que esos postos figuren nas relacións de postos de traballo como postos que se poidan ofrecer a aqueles, tamén debe expresarse nas oportunas convocatorias de concurso ou de libre designación.*

*Non obstante, clarifícase na memoria xustificativa e informe proposta que a posibilidade de apertura dos postos relacionados a persoal funcionario doutra administración materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo."*

Dito informe forma parte do expediente de aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2022, plenamente axustada á normativa vixente, tendo sido declarada a forma de provisión dos postos de traballo como axustada a Dereito polos órganos xurisdicionais competentes.

Déixase constancia da boa fe da Administración Municipal no proceso de diálogo social desenvolto cos sindicatos lexitimados ao efecto en materia de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2 actualmente en execución, e moi especialmente na aprobación das convocatorias e bases, que respectan os criterios xerais sometidos a negociación colectiva e o marco normativo referencial de aplicación, e que son análogas ás bases tipo utilizadas polas funcionarias de carreira instrutoras dos expedientes administrativos de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2 polo sistema de concurso específico (distribuídos por escalas de Administración Xeral e Especial, conforme ás resolucións administrativas ditadas);

En atención ao exposto, o recurso debe ser integramente desestimado.

### **III.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.**

O art. 4.1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) xa citada recoñécelle aos municipios, entre outras, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación, respectivamente.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da mesma norma básica.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025) e da Concelleira-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025) sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño do 2026 (BOPPO nº 125, do venres 3 de xullo do 2026) de aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 48,762-220) e citado nos antecedentes do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo aos recorrentes e persoas interesadas, ás persoas designadas como instrutoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

**Terceiro.-** Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(663).- PRÓRROGA DO ACORDO MARCO DO PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FÓRA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS). EXPTE. 48897/220.**

Visto o informe de fiscalización do 04/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/07/2026, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 07/08/2026



## I. ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024 acordou aprobar o Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións, e autorizar ás xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade e Mobilidade a organización e desenvolvemento de dito Acordo Marco para a realización e retribución de servizos extraordinarios por riba da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) para un período máximo de 12 meses, e que desenvolvese de acordo coa previsto na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación. (Expte. 44930-220).

Posteriormente, a xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2/12/2024, acordou aprobar a nova redacción do apartado 5.2 do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios por riba da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.08.2024,

2.- En data 22/8/2025, acordase aprobar pola Xunta de Goberno Local a prórroga do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións, que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.08.2024, e redacción aprobada por acordo da XGL de 2.12.2024 (expte. 44930-220), para un período máximo de 12 meses, en base a proposta das xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade, e á vista do informe favorable do SPRL de data 25/06/2025, mantendo a súa vixencia as demais disposicións relativas á duración, réxime competencial, condicións de desenvolvemento do programa, autorizacións ás xefaturas responsables, limitacións orzamentarias e calquera outra prevista no devandito acordo, cuxo desenvolvemento queda suxeito, igualmente, ao establecido na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación.

3.- O inicio do desenvolvemento do programa produciuse no mes de setembro/2024, mediante resolución de data 12/09/2024 ditada no expediente 45117-220, e pola que se autorizou a realización trimestral de servizos extraordinarios en exceso de xornada ata un máximo de 11.834 h para os meses de setembro-outubro-novembro de 2024 por parte de efectivos adscritos ao Servizo de Prevención e Extinción de incendios integrados no Programa, segundo a petición formalizada polas xefaturas do SPEIS e Seguridade e Mobilidade, e en aplicación dos requisitos e condicións do PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

4.- Asinado polas xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade e conformado pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, remítese en data 12/05/2026 -sendo enviado a funcionaria que suscribe en data 10/06/2026- doc 260118527 no que se solicita a prórroga do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), por un período de 12 meses, ao abeiro do previsto no apartado 1 do acordo marco e en atención ás necesidades organizativas derivadas do actual período de transición operativa do servizo.

## II. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- RDL 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución do vixente orzamento 2024.
- Resolución de 28 de febreiro de 2019, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo.
- Ley 7/1990, de 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.
- Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo
- Regulamento do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios do Concello de Vigo (RSPEIS).

### III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### 1. Servizo de Prevención e Extinción de Incendios

O art. 26.1.c) LRBRL contempla como Servizo municipal obrigatorio en todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, o de Prevención e Extinción de Incendios. Non obstante, non existe normativa estatal ou autonómica reguladora do Corpo de Bombeiros, en desenvolvemento do previsto na D.F.3ª da LRBRL sobre o Estatuto específico do Corpo de Bombeiros, sendo de aplicación, en tanto non se produza a súa aprobación, a D.T.5ª do RDL 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL), normativa de todo insuficiente que se limita a clasificación das categorías do persoal sen abordar a regulación das especialidades e particularidades organizativas deste servizo. Polo que se refire á clase de persoal do Servizo de Extinción de Incendios: Os art. 167.3.b) e 171.2.b) TRRL, o encadran na Escala de administración especial, subescala de servizos especiais.

#### 2.- Réxime retributivo. Gratificacións

O persoal ao servizo da Administración Local, goza dun réxime retributivo legalmente predeterminado nos termos do disposto na lexislación sectorial vixente, como se especifica no propio artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) no cal se preceptúa que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; en termos similares se pronuncia o artigo 153.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, cando sinala que a estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos funcionarios da Administración Local rexeranse polo disposto no artigo 93 da LRBRL. Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que *“as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública”*(apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias – transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo- ateranse asímesmo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2). O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da LRBRL, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que o propio TREBEP deroga expresamente na Disposición Derogatoria Única, apartado b) da mesma, entendéndose pola doutrina

S.ord. 07/08/2026



especializada a procedencia da aplicabilidade directa da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico por defecto de precepto legal específico de carácter básico, criterio que se comparte debido á súa eficacia práctica e ao seu sustento lóxico na propia Disposición Final Cuarta do propio TREBEP).

O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local recolle no seu artigo 6.3 como retribución complementaria non fixa nin periódica *“las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo”*.

### **3.- Materias suxeitas a negociación colectiva**

A negociación colectiva das condicións de traballo dos funcionarios públicos estará suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c); 7.1 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical, e o previsto no capítulo IV do Título II do TREBEP (artigo 33 e 37)

En virtude do anterior foron sometidas á MXNF do 25/06/2024 as propostas de determinación da xornada laboral do persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo e de revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios, segundo as consideracións formuladas pola Intervención Municipal.

### **4.- Regulamento do SPEIS.**

O carácter voluntario da adhesión ao programa para a realización de servizos extraordinarios, tratándose dun servizo de emerxencia, deberá ser interpretado sen prexuízo do establecido no art. 3 e 8 do RSPEIS para todos o os efectivos que conforman o persoal do SPEIS cuxa incorporación é obrigatoria en situacións excepcionais e de emerxencia.

### **5.- Ámbito temporal do acordo marco do programa de servizos extraordinarios fora da xornada de traballo do servizo de Prevención e Extinción de Incendios retribuíbles mediante gratificacións**

Segundo o recollido no apartado 1 do acordo marco do programa, establécese unha duración anual, sen prexuízo de que, en caso de que apreciase necesidades do servizo que puidesen aconsellar a prórroga ou a aprobación dun novo programa, remitirá proposta debidamente motivada a Área de Recursos Humanos e Formación, para a súa tramitación.

### **6.-.- Motivación da solicitude de prórroga**

No doc 260118527 obrante no presente expediente e no que se solicita a prórroga do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), por un periodo de 12 meses, indicase:

“Situación Organizativa Actual:

Na actualidade o SPEIS atópase nunha fase transitoria derivada do proceso de execución das ofertas públicas de emprego correspondentes a exercicios anteriores, que comporta a incorporación progresiva de novo persoal operativo e a renovación dunha parte significativa do cadro de persoal do servizo. Durante este período conviven no servizo efectivos con ampla experiencia operativa con persoal de nova incorporación, circunstancia que introduce condicionantes adicionais na planificación das gardas e na organización funcional das dotacións. Neste contexto resulta especialmente relevante garantir unha adecuada distribución da experiencia profesional nas gardas, co fin de facilitar a integración operativa do persoal de novo ingreso, favorecer a transmisión de coñecementos prácticos e reforzar as condicións de seguridade nas intervencións.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Ao mesmo tempo, están a valorarse medidas extraordinarias orientadas á regularización progresiva do saldo acumulado de vacacións e permisos de exercicios anteriores, co obxectivo de posibilitar o seu goce efectivo de maneira compatible coa planificación operativa do servizo e coa continuidade da prestación do servizo público esencial.

Neste escenario organizativo resulta oportuno manter instrumentos que permitan facilitar a cobertura operativa das gardas durante o período de transición descrito e asegurar a continuidade do servizo público esencial de emerxencias que presta o SPEIS á cidadanía.

### Necesidade excepcional da prorroga

No contexto descrito, a continuidade temporal do programa de servizos extraordinarios resulta organizativamente conveniente, ao permitir manter unha ferramenta de apoio á cobertura operativa do servizo durante o actual período de transición.

A prorroga que se propón ten carácter excepcional, limitado no tempo e ligado ao proceso de execución das ofertas públicas de emprego e á renovación progresiva do cadro de persoal operativo, sen implicar modificación das condicións do programa actualmente vixente nin alteración da súa natureza voluntaria.

A presente solicitude non supón a aprobación dun novo modelo nin a revisión estrutural do programa, limitándose a propoñer a súa continuidade temporal durante o período transitorio descrito. Tampouco implica modificación das condicións económicas do programa nin incremento das contías unitarias actualmente previstas. Mantéñense os límites establecidos no acordo da Xunta de Goberno Local, quedando en todo caso a súa execución condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes exercicios orzamentarios.

O programa mantén a súa natureza extraordinaria, configurándose como unha ferramenta organizativa complementaria destinada a facilitar a cobertura operativa do servizo durante o período de transición ata a integración operativa completa do persoal funcionario de novo ingreso, sen substituír nin alterar o modelo ordinario de planificación de efectivos do servizo.”

### 7.- Situación dos postos do SPEIS

Con respecto ao posto 132 “Bombeiro”, atópanse ocupados un total de 67 postos, dos que 23 correspondese con funcionarios en practicas. Nas Ofertas de Emprego correspondentes aos anos 2023,2024 e 2025 figuran un total de 20 prazas, estandose a tramitar o expte 49017/220 o nomeamento de 20 funcionarios interinos *con obriga de superación de curso preceptivo teórico-práctico*.

*Dos 94 postos Cod 132 Bombeiro existentes, 49 atopanse cubertos por funcionarios de carreira, 5 deles da OEP 20-21-22 que xa finalizaron a súa formación e tomaron posesión da súa praza en data 3/7/2026 (Acordo Xunta de Goberno de data 26/06/2026).*

*Un total de 18 efectivos da OEP 20-21-22, aínda son funcionarios en practicas, estando a realizar a súa formación, antes de obter o nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.*

*Por outra banda, en expte 49017/220 estase a tramitar o nomeamento de 24 funcionarios interinos, con obriga de superación de curso preceptivo teórico-práctico, correspondendose 20 ao posto Bombeiro e 4 ao posto Conductores/as-Bombeiros , ambos do subgrupo C2 de titulación, correspondendose coas prazas incluídos en ofertas aínda non executadas (2023, 2024, 2025), debendo superar un curso selectivo e período de prácticas o que diferiría a incorporación ao servizo dos novos efectivos nomeados interinos.*

S.ord. 07/08/2026



Amais constan 7 postos vacantes , 4 deles creados nos Orzamentos do ano 2026 e 3 que se corresponden con xubilacions e outras baixas.

| Cod,<br>Posto | Posto    | Ocupadas    |                          |                          | Prevision                            | Vacantes |
|---------------|----------|-------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------------------|----------|
|               |          | Fc Carreira | Fc Carreira OEP 20-21-22 | Fc en practicas 20-21-22 | Nomeamentos interinos (OEP 24-25-26) |          |
| 132           | Bombeiro | 44          | 5                        | 18                       | 20                                   | 7        |

Con respecto ao posto 133 Condutor-Bombeiro, no cadro de persoal orzamentario atopanse un total de 49 prazas , cos seus correspondentes postos asociados, das que 29 corresponden a funcionarios de carreira e 7 a funcionarios en practicas da OEP 20-21-22.

Amais como xa se indicou no anterior paragrafo en expte 49017/220 estase a tramitar o *nomeamento de 4 funcionarios interinos con cargo as vacantes incluídas nas OEP dos anos 2024 e 2025.*

*Dos 9 postos restantes, 6 correspondense con prazas creadas no orzamento 2026 e as 3 restantes a xubilacions de persoal*

| Cod,<br>Posto |                   | Ocupados    |                          | Prevision                            | Vacantes |
|---------------|-------------------|-------------|--------------------------|--------------------------------------|----------|
|               |                   | Fc Carreira | Fc en practicas 20-21-22 | Nomeamentos interinos (OEP 24-25-26) |          |
| 133           | Condutor Bombeiro | 29          | 7                        | 4                                    | 9        |

*Con respecto as demais categorías, o posto Codg 122 Cabo Extinción de Incendios consta de 13 dotacións, 3 delas ocupadas por funcionarios de carreira, 4 incluídas na OEP 20-21-22 en proceso de execución, 3 pertencentes a OEP 2024, 2 a OEP 2025 e 1 que se corresponden con xubilacións.*

No posto codg 96 Sarxento, dos 13 postos existentes 2 pertencentes a OEP 20-21-22 atopanse en proceso de execucion, 2 estan incluídos na OEP 2025, 1 foi creado nos orzamentos 2026 e 1 correspondese con unha xubilacion

#### 7.- Disposición de crédito

Tal e como dispón o art. 184.1 do TRLFL, e a Base 16ª de execución do orzamento, sen excepción algunha, a autorización do gasto requirirá a incoación do expediente correspondente sempre coa xustificación previa das necesidades, ben a instancias da xefatura de área ou do servizo que houbera de dirixir, fiscalizar ou intervir na execución do acto que orixine o gasto

A teor da Base 38ª a fiscalización previa de obrigas ou gastos de persoal realizarase mediante a comprobación da existencia de crédito orzamentario, e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propón contraer.

#### 8.-Informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Consta no expediente informe do servizo de Prevención de Riscos Laborais de data 10/07/2026, no seguinte senso:

*"O presente informe emítese ao abeiro dos artigos 14, 15, 16, 22 e 31 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e dos artigos 3, 5, 6 e 16.b) da Directiva 2003/88/CE, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo. Non ten por obxecto valorar a procedencia xurídica, orzamentaria, retributiva ou organizativa da prórroga, nin interpretar o réxime administrativo do acordo marco, cuestións que corresponden aos órganos municipais competentes. A intervención do SPPRL limitase á valoración técnica da compatibilidade preventiva da continuidade do programa, en termos de tempo de traballo, descansos, vixilancia da saúde, distribución da carga extraordinaria e seguimento preventivo.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

O **Acordo Marco do programa para a realización de servizos extraordinarios do persoal do SPEIS** foi aprobado por acordo da **Xunta de Goberno Local** de data **09/08/2024**, modificado por acordo de data **02/12/2024** e prorrogado por acordo de data **22/08/2025**. Con carácter previo á súa aprobación inicial, o SPPRL emitiu informe de data **16/07/2024** (DOC. 240222484).

O SPPRL realiza o seguimento preventivo do programa mediante **informes periódicos**<sup>1</sup>, correspondendo os últimos emitidos ao período setembro-decembro de 2025 (expte. 2565/2202) e ao período xaneiro-abril de 2026 (expte. 2616/2202), dispoñibles na data da solicitude.

Nos ditos informes realízase unha **análise preventiva agregada**, baseada no número de efectivos participantes, número total de reforzos realizados, media, mediana e rango de reforzos por efectivo, identificación de posibles patróns de concentración e distribución dos reforzos entre descansos longos e curtos. Como resultado, valórase en cada período a necesidade de manter o seguimento dos casos nos que coincida maior intensidade de participación e proporción relevante de descansos curtos, así como a existencia ou non de indicios agregados de risco global e, de ser o caso, as orientacións preventivas ou criterios de seguimento que se estimen procedentes.

Nos informes realizados ata a data (cos datos agregados dispoñibles facilitados polo SPEIS e no alcance propio da análise preventiva agregada), non se identificaron patróns xerais de concentración extrema nin indicios globais de risco preventivo, sen prexuízo das limitacións propias da análise agregada, sinalándose a necesidade de manter o seguimento dos supostos nos que coincidan maior intensidade de participación e proporción relevante de descansos curtos.

En calquera caso a análise do SPPRL non equivale á certificación individualizada do cumprimento de xornada, descansos, permisos, vacacións ou incidencias de cada efectivo. A verificación individual require o contraste cos rexistros completos de xornada, permisos, vacacións, ausencias, incapacidade temporal e planificación operativa, cuxa xestión corresponde á Xefatura do SPEIS no ámbito das funcións de organización, planificación e control do servizo.

En consecuencia, a prórroga solicitada ata agosto de 2027 supón a **continuidade dunha medida extraordinaria xa avaliada inicialmente e sometida a seguimento preventivo posterior**.

Segundo a información dispoñible, a necesidade de continuidade do programa vén motivada pola demora na incorporación efectiva do persoal procedente das OEP 2020, 2021 e 2022, así como do persoal interino previsto con cargo ás OEP 2023 e 2024, que se atopa aínda en fase de curso selectivo ou pendente de completar o proceso necesario para a súa integración operativa efectiva no SPEIS. Esta circunstancia mantén, con carácter transitorio, a necesidade de dispor dun mecanismo organizado de reforzo que contribúa á cobertura operativa do servizo, sen que iso altere o carácter temporal, voluntario e condicionado do programa.

Desde a perspectiva técnico-preventiva, a continuidade pode considerarse admisible sempre que non se alteren as condicións estruturais do programa e se manteñan os controis xa establecidos, incluíndo:

- Participación voluntaria.
- Mantemento dos límites de gardas establecidos no acordo aplicable.
- Respecto dos descansos diarios e semanais previstos na Directiva 2003/88/CE.
- Control da duración media máxima do tempo de traballo conforme ao artigo 6 da Directiva 2003/88/CE.
- Non realización de reforzos durante vacacións, permisos, ausencias ou incapacidade temporal, nos termos previstos no acordo aplicable.
- Revisión da aptitude preventiva para participar no programa, conforme ao artigo 22 da Lei 31/1995.
- Exclusión ou suspensión da participación cando existan limitacións preventivas, falta de aptitude vixente ou circunstancia sobrevida incompatible.
- Priorización, cando sexa operativamente posible, da realización de reforzos en descansos longos.
- Seguimento específico dos efectivos con maior intensidade de participación.
- Seguimento específico dos supostos nos que coincidan maior intensidade de participación e proporción relevante de descansos curtos.

1 O período maio-agosto de 2026 será obxecto de análise no informe periódico que corresponda, unha vez dispoñibles os datos completos da súa execución.

S.ord. 07/08/2026



Ademais, na valoración preventiva da prórroga ata agosto de 2027 debe terse en conta a renovación relevante do cadro operativo do SPEIS derivada da incorporación prevista de persoal das OEP 2020, 2021 e 2022, así como da cobertura de vacantes con cargo ás OEP 2023 e 2024. A dita incorporación, aínda que estruturalmente positiva para o servizo, non despreza efectos operativos inmediatos mentres o persoal se atope en fase de curso selectivo, prácticas, integración ou adaptación ao funcionamento específico do SPEIS de Vigo. Por iso, durante este período de transición, unha parte significativa do cadro de persoal poderá estar formada por persoal de recente incorporación ou con experiencia operativa aínda en fase de consolidación.

Tendo en conta o exposto, recoméndase que **a planificación dos reforzos poida valorar**, ademais da cobertura numérica da garda, a **composición cualitativa das dotacións**, de xeito que a Xefatura do SPEIS poida ter en conta, dentro dos criterios xerais de planificación, a presenza de persoal con experiencia nas distintas gardas, parques ou partes operativas, especialmente cando se incorpore persoal de novo ingreso ou con menor experiencia no servizo.

Este criterio ten por finalidade favorecer dotacións equilibradas, facilitar a integración segura do novo persoal, reforzar a transmisión práctica do coñecemento operativo, reducir riscos derivados da falta de familiaridade cos procedementos internos, medios materiais, parques, comunicacións e dinámica ordinaria de garda, e mellorar a resposta inicial ante intervencións complexas ou de especial risco.

A aplicación deste criterio non debe supoñer preferencia automática, incremento do número máximo de gardas, concentración da carga no persoal con maior experiencia nin redución dos descansos que correspondan. Tampouco substitúe á formación, á integración práctica, á supervisión ordinaria nin á cobertura estrutural das prazas necesarias. Enténdese como criterio complementario de composición equilibrada das dotacións durante o período de renovación e integración no cadro de persoal.

Durante a prórroga deberá manterse o seguimento preventivo periódico do programa, tendo a análise que se realice carácter preventivo e agregado, sen prexuízo do control individualizado que corresponda á Xefatura do SPEIS no ámbito das funcións de organización, planificación e control do servizo atribuídas polo Regulamento do Servizo de Extinción de Incendios. O seguimento deberá permitir detectar desviacións ou acumulacións non desexadas con antelación suficiente para propoñer, de ser o caso, orientacións preventivas ou axustes na planificación dos reforzos.

Á vista do exposto, e dentro do alcance preventivo indicado, **non se aprecia impedimento en materia de seguridade e saúde laboral para a prórroga do programa de servizos extraordinarios do SPEIS ata agosto de 2027, sempre que se manteñan as condicións, límites e controis previstos no acordo aplicable, nos informes preventivos xa emitidos e na normativa de prevención de riscos laborais e ordenación do tempo de traballo que resulte de aplicación.**

A valoración preventiva é **favorable condicionada ao mantemento das condicións indicadas**, sen que poida entenderse que ampara asignacións concretas realizadas á marxe das condicións previstas no acordo aplicable.

Calquera modificación substancial das condicións do programa, dos límites de gardas, da duración dos reforzos, do réxime de descansos ou dos criterios de participación deberá ser sometida a nova valoración preventiva.”

#### IV.- FISCALIZACIÓN PREVIA

A proposta debe someterse á fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223).

#### V.- COMPETENCIA

A competencia para a aprobación do presente expediente reside na Xunta de Goberno Local ex artigo 127. 1, letra h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previas as conformidades da Concellería da Área de Goberno e da Concellería-delegada de Área que, por delegación da Excm. Alcaldía e da propia Xunta de Goberno Local, teñen atribuídas competencias en materia de planificación e xestión de recursos humanos no actual réxime de delegacións competenciais.

Visto o anteriormente exposto, e coa conformidade da Sra. Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal -no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local e a conformidade da Concellería-delegada competente en materia de Educación e de Recursos Humanos e Formación sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a prórroga do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións, que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.08.2024, e redacción aprobada por acordo da XGL de 2.12.2024 (expte. 44930-220), para un período máximo de 12 meses, en base a proposta das xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade, e á vista do informe do SPRL de data 10/07/2026, mantendo a súa vixencia as demais disposicións relativas á duración, réxime competencial, condicións de desenvolvemento do programa, autorizacións ás xefaturas responsables, limitacións orzamentarias e calquera outra prevista no devandito acordo, cuxo desenvolvemento queda suxeito, igualmente, ao establecido na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación.

**SEGUNDO.-** Déase traslado do presente acordo ás correspondentes áreas, servizos e concellerías, así como á Intervención Xeral, á Dirección Superior Contable e Orzamentación, aos sindicatos e órganos de representación; e procédase á súa exposición pública no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento. Todo o cal, coa indicación de que, contra o precedente acordo se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(664).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS INTERINOS CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE BOMBEIRO/A. EXPTE. 49017/220.**

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2026, asinado técnico de xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Consta no expediente administrativo núm. 49017-220 acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/07/2026 (trámite 147), polo que se procedeu ao nomeamento de vinte (20)

S.ord. 07/08/2026



funcionarios/as interinos/as para o desempeño de prazas vacantes de bombeiro/a e catro (4) funcionarios/as interinos/as para prazas vacantes de condutor/a-bombeiro/a, suxeitos á obriga inescusable de superar o curso selectivo de carácter teórico-práctico, con cargo ás correspondentes prazas vacantes e co límite temporal máximo de tres anos previsto no artigo 10.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como ás demais condicións e obrigas establecidas no citado acordo e nos criterios de xestión das listas de reserva vixentes no ámbito do Concello de Vigo.

Os/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as tomaron posesión dos seus postos o día 16/07/2026.

Así mesmo, consta na acta da Comisión Especial de Valoración do curso teórico-práctico, asinada electronicamente con data 17/07/2026 (trámite 56 do expediente núm. 49342-220) que, tras examinar o informe emitido por SEGANOSA en resposta á consulta formulada pola Xefatura do SPEIS sobre os antecedentes formativos do persoal interino, a Comisión acordou validar a formación de novo ingreso dos seguintes funcionarios interinos:

- Guerreiro Mato, Aitor.
- Oubiña Allo, Juan Luis.
- Pena García, Rafael.
- Barral Noya, Roberto.

En consecuencia, a Comisión acordou que os citados funcionarios interinos se integrasen no SPEIS con efectos do día 20/07/2026.

2.-Consta tamén no expediente de referencia (tramites 57 e 58), traslado do acordo da Comisión de Valoración adoptado na súa sesión do 10 de maio de 2026.

### I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

### **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta.**

O artigo 10 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP), regula o nomeamento de persoal funcionario interino para o desempeño de funcións propias de persoal funcionario de carreira cando concorran razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia. Entre os supostos previstos atópase a cobertura temporal de prazas vacantes que non poidan ser provistas por persoal funcionario de carreira, cun límite temporal de tres anos, sen prexuízo da posible continuidade ata a resolución do correspondente proceso selectivo cando este se convocase dentro dese prazo, conforme ao artigo 10.4 do TREBEP.

Os procedementos de selección do persoal funcionario interino deben respectar os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade, sen que o nomeamento comporte a adquisición da condición de funcionario de carreira.

Analizada a normativa básica estatal, en particular o TREBEP, así como a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, constátase que non existe previsión legal da figura do **funcionario interino en prácticas**, nin se regula un réxime xurídico específico para esta modalidade de nomeamento. Tratándose dunha materia integrada no estatuto do emprego público, sometida á reserva de lei e á competencia estatal para establecer as bases do réxime estatutario dos empregados públicos (artigos 103.3 e 149.1.18ª da Constitución), non

S.ord. 07/08/2026



resulta posible configurar unha nova categoría funcional na ausencia de habilitación normativa expresa.

A circunstancia de que algunhas administracións públicas preveñan esta figura nas bases reguladoras de determinados procesos selectivos responde ao exercicio da súa potestade de autoorganización dentro do marco da convocatoria correspondente, sen que iso supoña a existencia dunha categoría xeral aplicable con carácter supletorio a outras administracións.

En consecuencia, e á vista da ausencia de previsión específica nas bases reguladoras das convocatorias do Concello de Vigo, considérase que a opción xuridicamente máis segura consiste no nomeamento de persoal funcionario interino ao abeiro do artigo 10.1.a) do TREBEP, para a cobertura temporal dunha praza vacante, podendo condicionarse a eficacia ou a permanencia do nomeamento á superación do correspondente curso teórico-práctico cando tal requisito resulte obxectivamente necesario para o desempeño das funcións do posto e quede expresamente incorporado ao acto administrativo de nomeamento.

En materia retributiva, o persoal funcionario interino ten dereito ás retribucións básicas e complementarias correspondentes ao posto efectivamente desempeñado, consonte ao réxime previsto no TREBEP e na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo. Calquera eventual aplicación analóxica do Real Decreto 456/1986, regulador das retribucións dos funcionarios en prácticas, debería entenderse exclusivamente como un criterio interpretativo en materia retributiva, sen que implique o recoñecemento dunha modalidade de nomeamento non prevista polo ordenamento xurídico.

Finalmente, deberá quedar acreditada no expediente administrativo a concorrencia das razóns de necesidade urxente e inaprazable que xustifican o recurso ao nomeamento de persoal funcionario interino, así como o cumprimento das instrucións municipais vixentes en materia de planificación e xestión de recursos humanos e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e demais disposicións concordantes.

Non obstante o anterior, a xornada, horarios, quendas de traballo e réxime de descansos do persoal adscrito ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) rexeranse polos acordos específicos da Xunta de Goberno Local vixentes en cada momento para este servizo, así como polas súas modificacións ou disposicións de desenvolvemento que poidan aprobarse. Deben considerarse, en todo caso, as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

De conformidade co disposto no artigo 10 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, o nomeamento de persoal funcionario interino require a concorrencia de razóns expresamente





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

xustificadas de necesidade e urxencia, circunstancia que deberá quedar debidamente motivada no correspondente expediente administrativo.

Segundo consta na solicitude incorporada ao expediente, concorren necesidades urxentes e inaprazables derivadas da insuficiencia de efectivos no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, servizo esencial para a protección da seguridade das persoas e dos bens, para garantir o adecuado exercicio das competencias municipais e o mantemento do servizo nun nivel óptimo.

Así mesmo, a proposta resulta coherente coas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos do Concello de Vigo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local nas sesións do 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e actualizadas mediante acordo do 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico n.º 27.576/220), as cales, aínda que ditadas inicialmente no contexto da aplicación da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, deben entenderse actualmente integradas e interpretadas conforme ao marco normativo vixente, singularmente ao TREBEP, á Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e á restante normativa reguladora da función pública e do réxime local.

En consecuencia, considérase suficientemente acreditada no expediente a concorrencia das razóns de necesidade e urxencia que xustifican o nomeamento interino proposto, ao tratarse da cobertura temporal de prazas destinadas á prestación dun servizo público esencial cuxa falta de efectivos comprometería o seu normal funcionamento.

### V. - Proposta de gasto.

Efectuase unha remisión expresa ao contido dos informes técnicos e de fiscalización previa e preceptiva emitidas aos expedientes electrónicos da convocatoria e bases rectoras das Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase) así como ao informe de fiscalización emitido ao expediente de nomeamento como funcionarios en prácticas (48074-220) sen prexuízo do cal solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización, debendo indicarse que as prazas obxecto de provisión definitiva con funcionarios de carreira atópanse dotadas orzamentariamente nos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2026.

### VI.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva.

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214.

### VII. Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade das concelleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución de Alcaldía de data 28/06/2024) e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e

S.ord. 07/08/2026



Xestión Municipalda (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025).

#### VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

**“PRIMEIRO.-** Nomear como funcionarios interinos con cargo a catro (4) das dez (10) prazas vacantes de bombeiro/a incluídas na Oferta de Emprego Público 2023, e de conformidade co acordo adoptado pola Comisión Especial de Valoración de data 17/07/2026, declarando a validación do preceptivo período teórico practico, aos seguintes efectivos:

| NOME  | APELIDO        | DNI       |
|-------|----------------|-----------|
| A.    | Guerreiro Mato | ***4415** |
| R.    | Pena García    | ***9908** |
| J. L. | Oubiña Allo    | ***8049** |
| R.    | Barral Noya    | ***0566** |

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, as conselleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipalda, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e á Xunta de Persoal, para coñecemento e efectos.

**TERCEIRO.-** Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulte competente, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(665).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS DE PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 49225/220.**

Visto o informe de fiscalización do 03/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2026, asinado técnico de xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

**Primeiro.-** A convocatoria e bases reitoras para a provisión de dúas (2) prazas de PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A (subgrupo C1) pola quenda libre, mediante concurso-oposición, foi publicadas no BOPPO núm. 107, de data 3 de xuño de 2024 e núm. 21, de data 31/01/2025

**Segundo.-** Segundo consta no expediente (trámite nº 2), o órgano de selección designado para o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas vacantes de PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA (C1), quenda libre, OEP-20/21/22, 3ª fase, en sesión do 23/06/2026 acordou (teor literal):

"(...)

**Primeiro.-** *Propoñer o nomeamento como funcionarios de carreira, con cargo ás dúas prazas vacantes de PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A, enmarcadas no grupo C de titulación, subgrupo C1; escala, Administración Especial; subescala, servizos especiais; clase, cometidos especiais aos seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios do proceso selectivo e obtiveron as seguintes puntuacións totais:*

| APELIDOS       | NOME  | DNI       | 1º EXERC | 2º EXERC | 3º EXERC | 4º EXERC | PUNTUACION TOTAL |
|----------------|-------|-----------|----------|----------|----------|----------|------------------|
| BARROS RIVEIRA | F.    | ***1696** | 9,2      | 9,04     | 9,89     | 2,00     | 30,13            |
| FRANCO REZA    | J. A. | ***9778** | 8,4      | 8,84     | 9,84     | 2,00     | 29,08            |

**Segundo.-** *De conformidade coa Base 8.4.6 das Xerais, realízase unha relación complementaria cos aspirantes que seguen, para os efectos de poder ser eventualmente nomeado como persoal interino, cando se produzan os supostos legalmente previstos:*

| APELIDOS     | NOME  | DNI       | 1º EXERC | 2º EXERC | 3º EXERC | 4º EXERC | PUNTUACION TOTAL |
|--------------|-------|-----------|----------|----------|----------|----------|------------------|
| COTELO LEMA  | J.A.  | ***1779** | 6,7      | 7,89     | 10       | 2,00     | 26,59            |
| AGULLÓ SOUSA | I. M. | ***9037** | 5,4      | 5,28     | 9,25     | 2,00     | 21,93            |

### ACHEGA DE DOCUMENTACION POLOS ASPIRANTES PROPOSTOS PARA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

*Os aspirantes propostos para o seu nomeamento como funcionarios de carreira deberán achegar no prazo de 20 días naturais dende a publicación deste anuncio a documentación esixida nas bases para ser nomeados con cargo ás prazas ofertadas"*

**Terceiro.-** Consta informe de verificación previa (trámite 36 do Exp. 47856-220), segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

S.ord. 07/08/2026



**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

*pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

### II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “*son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente*”, estableciendo que “*en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.*”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

-A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizárase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto.

Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarios de carreira, programador/a informático/a, con cargo ás prazas vacantes, enmarcadas no grupo C, subgrupo C1; escala administración especial (AE); incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente a os anos 2020, 2021, 2022, 3ª fase do Concello de Vigo a **F. Barros Rivera**, con DNI: \*\*\*1696\*\*, e **J.A. Franco**

S.ord. 07/08/2026



**Reza**, con **DNI: \*\*\*9778\*\***, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no **punto II** dos antecedentes de este informe.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### **IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

### **V. - Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade das concelleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución de Alcaldía de data 28/06/2024) e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipalda (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025).

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020, 2021 e 2022 (BOPPO nº. 107, de data 03/06/2024 e nº 21, de data 31/01/2025) de Programador/a Informático/a, enmarcadas no subgrupo C1 de titulación, escala administración especial, subescala administrativa, a: **BARROS RIVEIRA, F.** con **DNI: \*\*\*1696\*\*** e **FRANCO REZA, J. A.** con **DNI: \*\*\*9778\*\***

**SEGUNDO.-** Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira nas devanditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo a os interesados/as, as conselleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipalda, á Intervención Xeral Municipal e á Xunta de Persoal, para coñecemento e efectos.

**CUARTO.-** Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulte competente, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(666).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS CON CARGO A PRAZA DE SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022 . EXPTE. 49241/220.**

Visto o informe de fiscalización do 03/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/07/2026, asinado técnico de xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de 2 prazas de Sarxento de Extinción de Incendios, (subgrupo C1), pola quenda libre, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020-2021-2022, 2ª fase (BOP nº 169 30/08/2024), na súa sesión de 29/06/2026 (trámite 144 do Exp. 46471/220), acordou (teor literal):

**“Primeiro.-** Propoñer o nomeamento como funcionario en prácticas do concello de Vigo, con cargo ás prazas vacantes de SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, enmarcadas no grupo C1 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios, categoría, sarxento, á persoa aspirante, que superou todos os exercicios do proceso selectivo e obtivo as seguintes puntuacións totais:

| IDENTIDADE                 | DNI       | FASE CONCURSO | 1º EXERC | 2º EXERC | PROBAS FÍSICAS | GALEGO | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------------------------|-----------|---------------|----------|----------|----------------|--------|------------------|
| <b>DIEGO LAGO BARCIELA</b> | 77XXXX77D | 4,37          | 8,20     | 8,175    | 40             | APTO   | <b>60,745</b>    |

S.ord. 07/08/2026



...”

II.- O anuncio correspondente foi publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo o día 29/06/2026, marcando o inicio do prazo de 20 días naturais establecido nas bases da convocatoria para presentar a documentación esixida nela.

III.- Segundo consta na dilixencia de constancia incorporada ao expediente (tramite 15 do Exp 49241/220):

*“A persoa aspirante proposta presenta no prazo establecido a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

## II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de en prácticas en atención ao marco normativo vixente.

De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo quinta das xerais, as persoas aspirantes aprobadas unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

## III.- Observacións respecto da xornada e horario.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e demais disposicións concordantes.

Non obstante o anterior, a xornada, horarios, quendas de traballo e réxime de descansos do persoal adscrito ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) rexeranse polos acordos específicos da Xunta de Goberno Local vixentes en cada momento para este servizo, así como polas súas modificacións ou disposicións de desenvolvemento que poidan aprobarse. Deben considerarse, en todo caso, as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

### IV.- Sometimento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, concretamente, o artigo 214.

### V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade das concelleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución de Alcaldía de data 28/06/2024) e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipalda (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025).

En consecuencia e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

Nomear como funcionaria de carreira na praza de técnico/a medio de servizos económicos, con cargo a unha praza vacante enmarcadas no grupo A de titulación, subgrupo A2, escala,





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Administración especial, subescala, servizos especiais, que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, a:  
OTERO MÉNDEZ, M. I. (\*\*\*\*0933\*\*)

III. A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 21.07.2026.

IV.- Consta dilixencia de 27.07.2026 segundo o cal a persoa proposta presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

A vista das actuacións prioritarias de cobertura de prazas vacantes e da calendarización da execución da oferta, procédese á tramitación da proposta de nomeamento.

V.- Comprobada a aplicación de xestión de persoal, salvo erro ou omisión, consta existencia de prazas vacantes non ocupadas interinamente de Técnico/a Medio/a de Servizos Económicos:

| Cód. posto | Nome posto                                   | Cod. servizo | Servizo                | Situación |
|------------|----------------------------------------------|--------------|------------------------|-----------|
| 078        | TÉCNICO/A MEDIO/A SERVICIOS ECONÓMICOS       | 300          | XEFATURA ACCIÓN SOCIAL | V         |
| 078        | TÉCNICO/A MEDIO/A SERVICIOS ECONÓMICOS       | 150          | TESOURERÍA             | V         |
| 340        | TÉCNICO/A DE XESTIÓN TRIBUTARIA E INSPECCIÓN | 500          | DIRECCIÓN DE INGRESOS  | V         |

V: vacante

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de

S.ord. 07/08/2026



*pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*  
A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

*“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:*

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- c) *Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) *Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

*2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”*

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionaria de carreira, na praza de Técnico/a Medio/a de Servizos Económicos, con cargo ás prazas vacantes pola quenda de promoción interna enmarcadas no subgrupo A2; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020-2021-2022, fase 3 de Concello de Vigo, a:

- OTERO MÉNDEZ, M. I. (\*\*\*\*0933\*\*)

### III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

### V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de resolución da Alcaldía de data 25/09/2025; e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025)

S.ord. 07/08/2026



En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022 de Técnico/a Medio/a de Servizos Económicos, enmarcadas no Grupo A de titulación; Subgrupo A2; Escala de Admón. Especial; Subescala técnica, quenda Promoción Interna, a aspirante que superou o proceso selectivo e acadou a máxima puntuación:

- OTERO MÉNDEZ, M. I. (\*\*\*\*0933\*\*)

**SEGUNDO.-** Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(671).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA REALIZAR MEDIDAS DE GAS RADON NOS CENTROS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2620/2202.**

Visto o informe xurídico do 03/08/2026 e o informe de fiscalización do 04/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/08/2026, asinado pola técnica de Prevención de riscos laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, con data 15/04/2026 a técnica de prevención de riscos emite





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

informe, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación e a concelleira delegada de Educación e Recursos Humanos, da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo para realizar medidas de gas radon en centros de traballo xestionados polo Concello de Vigo, en cumprimento da obriga de dar cumprimento á Instrución IS-47, de 9 de abril de 2025 do Consello de Seguridade Nuclear e Real Decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes.

2.- Con data 15/04/2026 a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolve que se inicie o expediente necesario en conformidade coa proposta realizada.

2.- Con data 5/06/2026, redáctase a Memoria Económica pola técnica de prevención de riscos laborais do SPPRL, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación e a concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos en data 8/06/2026.

3.- Con data 30/04/2026 emítese certificado de retención de crédito por parte da Intervención Xeral (operación nº 12026000044462 – RC- e 12026000044463 -RCFUT).

4.- Con data 5/06/2026, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola técnica de prevención de riscos laborais do SPPRL, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación en data 8/06/2026.

5.- Con data de 29/07/2026 a técnica de prevención de riscos laborais asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, e que é conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e pola concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación en data 30/07/2026.

6.- Con data 10/06/2026 o Servizo de Contratación emite informe indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.

5.- Redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 30/07/2026.

6.- O orzamento base de licitación que ascende a 135.693,39 € (IVE incluído), que podería imputarse á aplicación orzamentaria 920.1.2270601 "Estudo de Plans de avaliación de riscos laborais" e bolsa de vinculación.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025) aos concelleiros/as-delegados/as de Área.

S.ord. 07/08/2026



**Segundo.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e consta memoria xustificativa dos termos do contrato que recolle: a xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP); xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP); xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP); xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores (artigoart. 87 a 91 LCSP); xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (art. 76.2 LCSP); xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.f RLCAP); lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67.5.f e 67.7.e RLCAP).; xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Terceiro.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación.

**Cuarto.-** Consta na memoria a xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente, o informe da Asesoría Xurídica Municipal (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e informe preceptivo de fiscalización previa da proposta por parte da Intervención Xeral Municipal (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se proceda á emisión e conseguinte incorporación ao expediente electrónico os informes preceptivos indicados, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo para realizar medidas de gas radon en centros de traballo xestionados polo concello de Vigo (expediente 2620/2202).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 30/07/2026.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, elaborado polo Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais – Área de RRHH e Formación, con data de sinatura electrónica de 5/06/2026 e 8/06/2026.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por un importe de 135.693,39 € (IVE incluído) de acordo ás seguintes anualidades:





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- Ano 2026: 40.976,69 euros
- Ano 2027: 94.716,70 euros

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 920.1.2270601 "Estudo de Plans de avaliación de riscos laborais" e bolsa de vinculación do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(672).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "VIGO UN MAR DE CORAIS" 2026. EXPTE. 6723/330.**

Visto o informe xurídico de data 06/07/2026 e o informe de fiscalización do 04/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 28 de xuño do 2026, a "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI)" presenta escrito de solicitude de subvención para o programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2026; por este motivo, por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 205.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A "**ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

### **PROGRAMA "Vigo, un mar de corais"**

- As actuacións desenvolveranse en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- Na actualidade son 38 masas corais que desenvolven o seu programa en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega, dende o día 21 de novembro do 2025 ata o 8 de novembro do 2026.

S.ord. 07/08/2026



- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 205.000 € (cento noventa e cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 205.000 €

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade ao texto de convenio proposto polo CONCELLO, achegado á sede electrónica do Concello de Vigo o día 2 de xullo do 2026 (doc. 260183630)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo", para o desenvolvemento do programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2026, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

un importe de 195.000 €; Neste exercicio 2026 está previsto nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación 3340.480.00.08, un importe, segundo a proposta, de 205.000 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *"Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acréditase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista para Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) para o programa Vigo un Mar de Corais 2026, pasando dos 195.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 205.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de corais 2026"

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo" ACOPOVI deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

S.ord. 07/08/2026



### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi" ten como obxecto financiar a organización do programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2026, figurando na aplicación **3340.480.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 205.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

### GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concellería da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 205.000 € (douscentos cinco mil euros) á “Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI”, CIF. G-36980928, para o financiamento do programa “Vigo, un mar de corais”, organizado por esta entidade no exercicio 2026; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Vigo, un mar de corais” no exercicio 2026”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2026

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF: G-36980928) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, con enderezo social na Estrada Souto, Valladares núm.52 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

S.ord. 07/08/2026



I.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicos; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación "**VIGO UN MAR DE CORAIS**" durante o exercicio 2026 como medio que é de promover e dinamizar a cultura musical da cidade e da comunidade autónoma galega.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo 2026 inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, a cantidade de 205.000 euros.

IV.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

De conformidade coas anteriores consideracións e dado o interese común das partes asinantes e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa "Vigo un Mar de Corais 2026", que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN neste expediente de aprobación do convenio.

### SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 205.000 € (douscentos cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 205.000 €

### TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

PROGRAMA "Vigo, un mar de corais"





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- As actuacións desenvolveranse en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- Na actualidade son 38 masas corais que desenvolven o seu programa en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega, dende o día 21 de novembro do 2025 ata o 8 de novembro do 2026.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

### CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da Entidade.

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das demais canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

S.ord. 07/08/2026



**Fixase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto deste convenio e na concesión da subvención.**

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

**8.**A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**9.**Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

**10.**Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pago do importe da subvención (205.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

**Redactarase un acta de constitución desta comisión mixta que será asinada por ambas partes. Así mesmo, de selo caso, levantarase un acta de cada reunión da comisión na que figuraban os temas tratados e acordados na mesma.**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas polo Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

S.ord. 07/08/2026



A ENTIDADE facilitará ao Servizo de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlense dous pagos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pago trala sinatura deste convenio e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se realizasen ata esa data.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

c) Un segundo e derradeiro pago que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2026.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pago da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- **A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo: <https://sede.vigo.org/expedientes/aviso/aviso.jsp?id=4443&lang=ga>, coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, proveedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.**
- Os pagos en efectivo limitanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o

S.ord. 07/08/2026



xustificante de cobro asinado polo proveedor, non aceptándose sen a sinatura do proveedor.

- No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.
- Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que corresponda.

Gastos subvencionables:

**Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2025 ao 10 de novembro do 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas**, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.**

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de

S.ord. 07/08/2026



subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### ORZAMENTO 2026

S.ord. 07/08/2026



| CONCEPTO                             | PRESUPUESTO         |
|--------------------------------------|---------------------|
| 290 ACTUACIÓNS CORAIS *              | 174.000,00 €        |
| Publicidade, programas e agasallos   | 13.000,00 €         |
| Produción dos concertos e transporte | 18.000,00 €         |
| <b>TOTAL PROPOSTA</b>                | <b>205.000,00 €</b> |

\* As corais de ACOPOVI non farán un número igual de actuacións cada unha delas, por motivos de dispoñibilidade e compromisos diferentes. O que si será igual é a cantidade a percibir por cada coral en cada actuación (600€) derivados dos gastos de participación de cada coral en actividades de concerto desenvolvidas por ACOPOVI.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE CORAIS 2026”**

D/Dña.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a agrupación coral..... realizou o concerto programado pola Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), en colaboración coa Concellería de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2026, en.....
2. Que a agrupación coral presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....  
.....

VIGO, ..... de ..... do 2026

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

S.ord. 07/08/2026



**18(673).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXPOSICIÓN TEMPORAL “JULES VERNE 200”. EXPTE. 4327/341.**

Visto o informe xurídico de data 03/08/2026 e o informe de fiscalización do 04/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 31/07/2026, asinado polo xefe de Museos municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**ANTECEDENTES**

1. No expediente relacionado 4302/341 *Proposta de exposición temporal Jules Verne 200* consta a seguinte documentación:

- Proposta expositiva inmersiva Jules Verne 200 con contido adaptado para explicar a íntima conexión entre o autor e a cidade de Vigo.
- Declaración responsable de titularidade e exclusividade, asinada por Jordi Sellas Ferrés, actuando en nome e representación da mercantil LAYERS OF REALITY, S.L.
- Escritura de constitución da compañía mercantil, de responsabilidade limitada, denominada LAYERS OF REALITY, S.L.
- Escritura de elevación a público de acordos sociais sobre nomeamento de Consejero Delegado da sociedade, con todas as facultades legais e estatutariamente delegables a Jordi Sellas i Ferrés.

2. No expediente de contratación 4327/341 tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 9 de marzo de 2026.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- Memoria económica asinada con data 31 de xullo de 2026 polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo concelleiro-delegado de Cultura, complementada coa dilixencia de data 29.06.2026
- Certificados de retención de crédito de data 16 de maio de 2026 (operacións nº RC 12026000054241 e RC\_FUT 12026000054242).
- Informe da Tesourería sobre o mecanismo de recadación e garantías no contrato da exposición Jules Verne 200 asinado con data 31 de xullo de 2026 polo Tesoureiro Municipal Director Superior Contable e Orzamentario.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado con data 31 de xullo de 2026 polo xefe do servizo de Museos Municipais.
- Memoria xustificativa asinada con data 31 de xullo de 2026 polo xefe do servizo de Museos Municipais, o concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado con data 31 de xullo de 2026 pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado con data 31 de xullo de 2026 pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 9 de marzo de 2026 o informe de necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente da contratación, por procedemento negociado sen publicidade do servizo de exposición temporal “Jules Verne 200”.

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP, consta a memoria xustificativa asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais, conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos.

**Quinto:** Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

S.ord. 07/08/2026



- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter de contrato privado de acordo co disposto nos artigos 24 e 26 da LCSP. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade por existir, de acordo co artigo 168.a 2o LCSP, motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva que determinan que o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado. Este contrato está suxeito a regulación harmonizada.

**Oitavo** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

legalmente o substitúa. Estes documentos foron emitidos pola Intervención Xeral con data 16 de maio de 2026

**Décimo:** Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

**Décimo primeiro:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobación da contratación, por procedemento negociado sen publicidade por existir, de acordo co artigo 168.a 2o LCSP, motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva que determinan que o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, do servizo de exposición temporal “Jules Verne 200” suxeito a regulación harmonizada.

2º.- Aprobación do Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, asinado con data 31 de xullo de 2026 polo xefe do servizo de Museos Municipais.

3º.- Aprobación do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, asinado con data 31 de xullo de 2026 pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **2.056.386,98 €**, co **IVE incluído**, sendo o IVE a soportar pola administración 356.893,61 €, segundo o seguinte desglose por anualidades e aplicacións orzamentarias:

|                | 2026           | 2027         |
|----------------|----------------|--------------|
| 3340.226.09.03 | 1,554,874.20 € | 501,512.78 € |

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 07/08/2026



**19(674).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “OBRAS NECESARIAS PARA O REMATE DA HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZO – BOUZAS”. EXPTE. 7093/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/08/2026, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O día 2 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

«Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS UN EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (435.901,22 €), e con sinatura dixital de data 24 de xullo de 2024».

**II.-** A Xunta de Goberno Local, o día 9 de decembro de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa do Pazo – Bouzas” – PSTD CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS no marco do PRTR, financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU”, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

**III.-** A Xunta de Goberno Local, o día 25 de abril de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

“Adxudicar a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2088-441) por un prezo total do contrato de 379.146,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 65.802,35 euros”.

O dito contrato foi formalizado o día 30 de abril de 2025.

**IV.-** O día 17 de marzo de 2026, D. Juan Carlos Núñez Fraiz, en nome e representación de ORESA, presenta escrito no Rexistro electrónico comunicando “la imposibilidad de ejecutar el contrato en los términos pactados, debido a una situación sobrevenida de grave deterioro económico-financiero, que ha colocado a la empresa en un escenario de insolvencia inminente, con pérdida de capacidad real para sostener la continuidad ordenada de los trabajos, atender el pago corriente de suministros y garantizar, en condiciones de normalidad, la correcta ejecución material y temporal de la obra”, por lo que solicita que se incoe un expediente de resolución do contrato.

En consecuencia, o día 27 de abril de 2026, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, resolveu iniciar o procedemento de resolución deste contrato así como declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.

**V.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de xullo de 2026, adoptou o





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

seguinte acordo:

*“1º.- Resolver o contrato de obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU), adxudicado a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, por acordo deste órgano de 25 de abril de 2025, por concorrer a causa prevista no artigo 211.f da LCSP “O incumprimento da obrigación principal do contrato.  
(...)”*

**VI.-** No mes de xuño de 2026 a empresa INTERURBAN, SAU con CIF A36626695, presenta borrador do proxecto de execución das obras de “OBRAS NECESARIAS PARA O REMATE DA HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO - BOUZAS”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto José Aya Vidal, cun orzamento estimado base de licitación máis IVE de 417.481,19 euros e asinado dixitalmente o día 17 de xullo de 2026.

**VII.-** O xefe da área de Servizos Xerais o día 7 de xullo de 2026 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 8 de xullo de 2026, a proposta do técnico de administración xeral, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**VII.-** O ámbito da actuación sitúase na rúa do Pazo, no barrio de Bouzas, na parroquia de Alcabre, dentro do Concello de Vigo. A rúa limita ao norte coa praza da Villa de Bouzas, entronca coa rúa de Santa Ana ao suroeste e polo sur limita coa rúa dos Herreros, que ademais encóntrase coa praza de M. Diego Santos.

O presente documento emana das actuacións previstas dentro do “Plan de sostibilidade turística de Vigo” financiado polo Ministerio de Industria e Turismo no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No desenrolo de ditas directrices redactouse o proxecto de “Humanización da rúa do Pazo (Bouzas)”, co obxecto de definir as obras necesarias para a mellora integral de dito ámbito urbano, mediante a reorganización do espazo público, a mellora da accesibilidade peonil, e a prioridade peonil.

As obras chegaron a iniciarse e executouse unha parte das actuacións previstas no proxecto orixinal. Non obstante, como consecuencia da situación sobrevida da empresa construtora e da imposibilidade de continuar coa normalidade da execución dos traballos, a obra quedou interrompida antes da súa completa finalización.

En consecuencia, redáctase presente proxecto de remate, co fin de definir e valorar as actuacións pendentes para completar a humanización da Rúa do Pazo, partindo do estado real de execución alcanzado e das necesidades actuais de terminación, funcionalidade, seguridade e posta en servizo do ámbito.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos en favor do peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

S.ord. 07/08/2026



Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) MESES.

**V.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 20 de xullo de 2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(...)

*De acordo ao Planeamento vixente no Concello de Vigo, Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025. O ámbito das obras sitúase en solo urbano consolidado, dentro da Área de Planeamento Incorporado API- 201, correspondente ao Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Bouzas.*

*En todo caso, ao encontrarse a actuación dentro do API-201, deberán respectarse as determinacións urbanísticas e patrimoniais aplicables a dito ámbito, sen prexuízo das condicións sectoriais específicas que resulten de aplicación e que analizaranse nos apartados e anexos correspondentes do proxecto.*

*As aliñacións das obras proxectadas axústanse ás aliñacións do viario existente no PEPRI de Bouzas tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 19/01/2024.*

*Conforme o informe do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo de data 10/01/2024, as obras atópanse dentro do ámbito de protección do “Xacemento romano de Bouzas” (código GA36057158), polo que realizaranse unhas sondaxes arqueolóxicas manuais previas a obra definidas no proxecto arqueolóxico, que consta de autorización por Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 18/07/2024.*

*En data 19 de agosto de 2025 a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude resolve, “autorizar a continuación dos traballos previstos na actuación da humanización. Non obstante, á luz dos resultados parciais das sondaxes realizadas e atendendo ás recomendacións do arqueólogo-director e da arqueóloga municipal, será necesario establecer un control arqueolóxico durante o resto de movementos de terra programadas. Circunstancia que xa estaba prevista no proxecto arqueolóxico autorizado”.*

*No apartado 4.16. “Incidencias ambientais” do proxecto, indícase que as actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a outra normativa sectorial significativa.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

S.ord. 07/08/2026



V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de “**OBRAS NECESARIAS PARA O REMATE DA HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO - BOUZAS**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto José Aya Vidal, cun orzamento estimado base de licitación máis IVE de 417.481,19 euros e asinado dixitalmente o día 17 de xullo de 2026.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(675).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO «PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO, EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA» . EXPTE 296/413.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2026, o informe xurídico de data 04/08/2026 e o acordo do Consello de Xerencia municipal de Urbanismo de data 16/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/06/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

##### **I. ANTECEDENTES E FEITOS**

I.I. En data 31.03.2025- en vixencia do PXOU/1993- o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente o «*Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña*» publicado no DOGA Núm. 88 do día 09.05.2025; Normativa e ordenanzas publicadas no BOPPO núm.134 de data 16 de xullo de 2025. (Exp. Núm. 18337/411). A finalidade do PEI é a creación dun novo vial de acceso ao centro educativo “*Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña*”.

Na memoria do PEID establécense como obxectivos, dotar ao centro docente dun novo acceso rodado que garanta as condicións de seguridade viaria existente na contorna do CEIP, reducindo os fluxos circulatorios actualmente existentes no Camiño Pedreira e a estrada Matamá -Pazó, definindo a execución dunha nova infraestrutura viaria na zona, que será vertebradora e estruturante da futura ordenación do ámbito de planeamento secundario no que se inxire.

I.II. No vixente PXOM/2025 definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, publicado no DOGA núm. 123 do 30.06.2025, normativa e ordenanzas publicadas no BOPPO núm. 146 do 04.08.2025- o ámbito atópase clasificado como solo urbano non consolidado dentro do SUNC 615, Camposancos- da Pedreira – Matamá).





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Na ficha do referido ámbito SUNC 615 Camposancos- da Pedreira- Matamá, establecece no apartado de observacións que, *"Neste ámbito inclúese o "Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco D. Camilo en S. Andrés de Comesaña" en fases últimas de tramitación. No seu ámbito de aplicación estarase ao que resulte do documento que se aprobe definitivamente. Polo que, o vixente PXOM/2025 do Concello de Vigo recolle o documento aprobado definitivamente deste plan especial.*

I.III. En data 19.12.2025 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria acordou, prestar aprobación con carácter inicial ao presente proxecto expropiatorio, en base e de conformidade co informe proposta emitido en data 03.12.2025 pola Técnica de Admon. Xeral do servizo de planeamento e xestión conxuntamente coa Xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, co conforme do Xerente de urbanismo e da Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, co seguinte contido:**PRIMEIRO:** *Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», documentación técnica redactada conxuntamente polas arquitectas do servizo de planeamento e xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en data outubro de 2025, e asinada electrónicamente en data 18.11.2025.SEGUNDO:* *Someter a información pública o presente expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes ,mediante a publicación de senllos anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e/ ou reclamación que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos, computándose o remate do referido prazo dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral que ten atribuída a competencia. TERCEIRO:* *Notificar as taxacións de xeito individual a todas aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que teñan convenientes no prazo dun mes a partir da súa debida notificación. CUARTO:* *O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom\\_2025.php?lang=gal](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom_2025.php?lang=gal) no apartado de Xestión/ Execución do Planeamento.*

I.IV. En cumprimento do dito acordado, someteuse o expediente con toda a documentación que o integra ao preceptivo trámite de información pública polo prazo dun (1) mes, mediante publicación dos cadanseus correspondentes anuncios no "Faro de Vigo" do día 23.01.2026 e no DOGA núm. 30, do 13.02.2026, na sede electrónica do Concello de Vigo, así como no Boletín oficial do Estado (número 67, do 11 de marzo de 2026).

Pola súa banda, procedeuse debidamente a notificación individualizada a todos os titulares do bens e dereitos afectados no expediente, mediante traslado literal das cadansúas correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, conferíndolles a tales efectos o correspondente trámite polo prazo dun (1) mes, para que formulen as alegacións ou exposicións que estimen procedentes en defensa dos seus dereitos e intereses, do xeito e co resultado que resulta acreditado no expediente, e que de seguida se exporá dun xeito pormenorizado.

I.V. Neste estado da tramitación, e dentro dos prazos de información pública e audiencia conferidos, e tal e come se reflicte na dilixencia de fin de exposición pública de data 04.05.2026 do xefe de servizos centrais da XMU, así como na certificación expedida en data 05.05.2026

S.ord. 07/08/2026



polo Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, do seguinte teor literal:

*"(..)Que o "Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do "Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña", con toda a documentación integrante do mesmo, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios nun xornal dos de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 23 de xaneiro de 2026) e no Diario Oficial de Galicia (número 30, do 13 de febreiro de 2026), así como publicación no Boletín Oficial do Estado (número 67, do 17 de marzo de 2026), conforme ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*Durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegación:*

| <i>Data rexistro entrada</i> | <i>Número de documento e código de solicitude</i> | <i>Interesado</i>                                                                                                    |
|------------------------------|---------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 28/01/2026                   | 260021435                                         | Carolina Puime Álvarez                                                                                               |
| 11/02/2026                   | 260032658                                         | Nieves Comesaña Prado, Manuel Ángel Comesaña Comesaña, Jose María Comesaña Comesaña e María Begoña Comesaña Comesaña |
| 12/02/2026                   | 260034031                                         | Alberto Gallego Franqueira                                                                                           |
| 26/02/2026                   | 260047225                                         | Javier Freiría Fernández                                                                                             |
| 26/02/2026                   | 260047240                                         | María del Carmen Vila Iglesias                                                                                       |
| 02/03/2026                   | 260049776                                         | Silvia García Piñeiro                                                                                                |
| 03/03/2026                   | 260051656 (W1441521-4165)                         | Elisa Fernández Fernández                                                                                            |
| 09/03/2026                   | 260057087                                         | Manuel Fernández Pérez                                                                                               |
| 07/04/2026                   | 260079143                                         | Teresa Álvarez Alonso                                                                                                |

I.VI. En data 18.05.2026 a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión emite informe técnico verbo do resultado do período de alegacións do expediente de expropiación, do seguinte teor literal:

***"(..)2. INFORME DAS ALEGACIÓNS***

*Neste apartado recóllense as alegacións recibidas no período de información ao público, un resumo do seu contido e unha resposta ao manifestado nos escritos achegados.*

*- ALEGACIÓN 1. PARCELA 2 (núm. doc. 260047240) e ALEGACIÓN 2. PARCELA 3 (núm. doc. 260047225)*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

*En ambos escritos recóllese que están de acordo coa expropiación e coa valoración.*

*Expoñen que necesitan que desde o novo vial lles permitan o acceso ás súas propiedades.*

*Tamén manifestan ambos propietarios que queren ter a opción de asinar un convenio que lles recoñeza a edificabilidade.*

*En relación co acceso, será no proxecto das obras de execución do vial cando haberá que considerar os posibles accesos ás fincas que dean fronte ao dito vial.*

*No que atinxe ao convenio, débemos informar que a sinatura do convenio e unha opción alternativa ao cobro do prezo xusto, polo que, terán que optar ou por cobrar a cantidade fixada, ou por asinar un convenio mantendo a edificabilidade no ámbito. No primeiro caso a propiedade do solo e os dereitos edificatorios pasarían a ser propiedade do Concello de Vigo, e no segundo caso a propiedade non cobraría o prezo xusto pero mantería os dereitos edificatorios dentro do SUNC 615 CAMPOSANCOS-DA PEDREIRA- MATAMÁ .*

*No caso da parcela 2 tómase nota do dato do nome da propietaria actual.*

*Polo tanto, estímanse estas dúas alegacións.*

### - ALEGACIÓN 3. PARCELA 7 (núm. doc. 260049776)

*Manifestan á súa disconformidade coa valoración da súa parcela e achegan un informe pericial de valoración.*

*Di que a parte que lles quedaría despois da expropiación, tería unha superficie de 382,52 m<sup>2</sup> non tería a condición de soar.*

*Exixen a valoración dos elementos que terán que ser repostos. Trátase dun muro de bloques de formigón, con rede cuxa valoración ascende á cantidade de 1.395,00 €.*

*O Informe pericial de valoración está confeccionada e asinada por Diego Troncoso Casal, enxeñeiro técnico agrícola e Jennifer Prieto Iglesias arquitecta.*

*A valoración refírese a unha parcela sen edificar que está dentro dun solo urbano non consolidado, pendente de desenvolvemento.*

*Para a valoración deste solo, no suposto de expropiación, será de aplicación o establecido na lexislación estatal vixente en materia de valoracións, é dicir, no RDLex 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU) e o Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo (RVLS).*

*A parcela ten unha superficie afectada pola expropiación de 126,07 m<sup>2</sup>.*

*Inclúese no informe pericial achegado un método de comparación de "solares", este método non é de aplicación para o caso desta expropiación. Trátase dun solo en situación de urbanizado e sen*

S.ord. 07/08/2026



*edificación, cun peche de arame, o método de aplicación, segundo a normativa vixente, é o residual estático referido exclusivamente ao solo.*

*No informe pericial que se achega indícase que a edificabilidade a aplicar é de 0,85 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, pero non se explica como se obtén esa cifra.*

*Aplícase o método residual estático como se se tratara dun solo urbano consolidado, adoptando como valor en venda dunha vivenda unifamiliar do de 3.000€/m<sup>2</sup>, con todo, non se inclúe na valoración ningún estudo de mercado das vivendas na zona que xustifique a adopción dese valor en venda. Este valor non se corresponde cos valores acadados nos estudos de mercado de vivendas unifamiliares na zona realizados polos técnicos da Xerencia. Tampouco se xustifica o valor adoptado para o custe de contrucción.*

*Para a determinación da edificabilidade a aplicar, tal e como recolle a memoria do Proxecto de expropiación tívose en conta a edificabilidade media ponderada o ámbito espacial homoxéneo no que se integra, consonte o artigo 20.2 do RVLS. A explicación e os cálculos pódense consultar nas páxinas 7 e 8 do Proxecto de expropiación.*

*Para a determinación do valor en venda confeccionouse un estudo de mercado de vivendas á venda que está recollido no apartado 11.6 do Proxecto de Expropiación aprobado inicialmente.*

*No que se refire á que o resto da expropiación non vai ter a condición de soar, debo informar que as parcelas cualificadas como solo urbano non consolidado non teñen en ningún caso a condición de soar. Será tras a aprobación do correspondente plan especial de reforma interior e do proxecto de compensación cando se produza a adxudicación dunha nova parcela que terá que ter, necesariamente, a condición de soar.*

*No que se refire á valoración dos elementos existentes na parcela debemos informala de que para a valoración deste solo é de aplicación o establecido na lexislación estatal vixente en materia de valoracións, é dicir, no TRLSU e RVLS, en concreto os artigos 20, 21 e 22, referida á valoración do solo urbano, polo que non procede a valoración separada dos elementos existentes na finca.*

*Isto non sería así se consideráramos a parcela en situación de rural, a valoración neste suposto se realizaría polo método de capitalización das rendas agrarias o cal arrojaría unha valoración moito menor ca que se recolle no Proxecto de expropiación. Así pois, a consideración deste solo con en situación de urbanizado favorece aos propietarios expropiados.*

*No caso de que nas obras de execución do vial se danen algúns dos elementos existentes, procedería á súa reposición por parte da empresa construtora.*

*Polo que, se desestima esta alegación.*

- ALEGACIÓN 4. PARCELA 9 (núm. doc. 260032658)





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

*Os titulares da parcela solicitan que durante as obras do vial a empresa construtora inclúa nas súas partidas o derrube das zonas afectadas e tamén a reposición dos elementos danados, executando a dita reposición, alomenos, coas calidades actuais.*

*A empresa coa que se contrate a execución do vial será informada e deberá incluír na súa obra a derruba e a reposición dos muros e elementos afectados.*

*Polo tanto, estímase esta alegación.*

- ALEGACIÓN 5. PARCELA 11 (núm. doc. 260051656)

*A titular manifesta á súa conformidade coa expropiación e coa valoración e solicita que se lle pague mediante transferencia. Achega certificado de titularidade bancaria.*

*Tomamos coñecemento da solicitude e se trasladará á oficina que realice o pago.*

*Estímase esta alegación.*

- ALEGACIÓN 6. PARCELA 13 ( núm. doc. 260021435) e ALEGACIÓN 7. PARCELA 15A (núm. doc. 260034031)

*En ambos escritos os propietarios manifestan á súa conformidade coa valoración e solicitan que se lles abone a cantidade o máis axiña posible. Achegan senllos certificados de titularidade bancaria.*

*En canto estea aprobado definitivamente o proxecto de expropiación se procederá ao pago do prezo xusto de cada unha das parcelas. Tomamos coñecemento da solicitude do pago por transferencia bancaria e se trasladará á oficina que realice o pago.*

*Estímanse estas dúas alegacións.*

- ALEGACIÓN 8. PARCELA 16 (núm. doc. 260079143)

*A propiedade manifesta que é propietaria da parcela número 16 do proxecto de expropiación pero que a referencia catastral non é correcta.*

*Procédese a modificar a documentación para subsanar o erro detectado.*

*Polo tanto, estímase esta alegación.*

- ALEGACIÓN 9. PARCELA 17 (núm. doc. 260057087)

*Contido da alegación:*

*1 Hai un erro no nome do propietario na folla de prezo xusto.*

*2 Afirmar que a súa finca ten máis superficie, que a Xerencia tomou a superficie catastral e achega un levantamento topográfico realizado por un técnico topógrafo.*

S.ord. 07/08/2026



3 Non está de acordo coa valoración e di que non se lle valoran os pés de viña. Cita o artigo 202 do Regulamento de Xestión Urbanística.

Contestación:

1. Procédese a corrixir o erro material detectado.

2. Para a determinación das superficies das parcelas do Proxecto de expropiación foi realizado un levantamento topográfico "in situ" xa que non coincide o parcelario catastral coa realidade, non se adoptaron as superficies catastrais. Contrastamos o plano topográfico achegado na alegación co levantamento utilizado no proxecto e a única diferenza que existe é o espazo situado entre a parcela e a beirarrúa xa que consta que esa franxa de terreo é propiedade de Carreteras da Xunta de Galicia. No resto da finca os dos levantamentos coinciden.

3. A valoración confecciónase considerando este solo en situación de urbanizado segundo o establecido no RDLex 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLU).

Para a valoración deste solo, no suposto de expropiación, será de aplicación o establecido na lexislación estatal vixente en materia de valoracións, é dicir, no TRLU e o Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo (RVLS), en concreto os artigos 20, 21 e 22, polo que non procede a valoración separada dos elementos existentes na finca.

Isto non sería así se consideráramos a parcela en situación de rural, a valoración neste suposto se realizaría polo método de capitalización das rendas agrarias o cal arrojaría unha valoración moito menor ca que se recolle no Proxecto de expropiación. Así pois, a consideración deste solo con en situación de urbanizado favorece aos propietarios expropiados.

O artigo 220 do Regulamento de Xestión Urbanística que cita o alegante foi derogado pola Disposición derradeira segunda. Normativa do Estado do Regulamento da Lei do solo de Galicia (DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

A tramitación do proxecto de expropiación por taxación conxunta está regulado polo artigo 293 do Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG), cun esquema semellante ao recollido no artigo 220 do RXU. Este proxecto se está a tramitar conforme ao artigo 293 do RLSG vixente.

Polo que, estímase parcialmente a alegación no sentido de corrixir o erro detectado, desestímase o resto do contido da alegación(..)".

## II.FUNDAMENTOS DE DEREITO/ VALORACIÓN XURÍDICA

### II.1. Normativa básica aplicable





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- TRLS/2015 (Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana,
- LSG (Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- RLSG (Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do 26.05.2025, na que se aprobou o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm. 146 do 04.08.2025.
- Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 31.03.2025 (DOGA núm. 88, do 9.05.2025, BOPPO núm.134 do 16.07.2025),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- O resto de disposicións que puideran afectar,

### II.II. Declaración de utilidade pública e necesidade de urxente ocupación

O artigo 85.1 da LSG 2/2016, do 10 de febreiro, dispón que, a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia que o propio PEI establece que a obtención dos terreos necesarios realizárase de xeito anticipado mediante a aplicación dos mecanismos sinalados no artigo 129.3 da LSG ao establecer que, “ 3. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais en solo urbano non consolidado, en solo urbanizable ou, se é o caso, en solo rústico incluído nunha área de repartición e os destinados a sistemas locais en solo urbano non consolidado, actuacións integrais en solo de núcleo rural e en solo urbanizable obteranse:a) Por cesión obrigatoria derivada da súa inclusión ou adscrición nunha área de repartición e no correspondente polígono. b) Por ocupación directa. c) Por permuta forzosa d) Mediante expropiación forzosa. e) Por convenio urbanístico entre a Administración e o propietario

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 117 e seguintes da LSG, o presente expediente tramitouse polo procedemento expropiatorio por taxación conxunta (Art. 118 LSG); tocante á habilitación para que a execución se realice por expropiación, basta remitirse ao amentado art. 129.3 da LSG antes transcrito, que prevé a aplicación discrecional do

S.ord. 07/08/2026



procedemento expropiatorio como un dos sistemas de obtención do solo no que o planificador prevé a implantación de sistemas locais; indicar que, os propietarios que así o manifesten poderían optar pola tramitación e sinatura dun convenio de recoñecemento de edificabilidade no ámbito e manter os seus dereitos edificatorios.

Asemade, compre indicar que no caso dos terreos que se expropien e se abone o xusto prezo, o Concello de Vigo participará como un propietario mais no aproveitamento lucrativo do SUNC 615, de conformidade co disposto no artigo 236.1 do RLSG.

### II.III. Contido e tramitación do Proxecto de Expropiación por Taxación Conxunta

O proxecto expropiatorio versión para a súa aprobación definitiva, redactado polos servizos técnicos da oficina de planeamento e xestión da Xerencia de Urbanismo, de data maio de 2026, recolle a documentación preceptiva esixida polo artigo 118.1 da LSG, que se recolle nos seguintes apartados:

1. Obxecto
  2. Antecedentes
  3. Condicións de planeamento
  4. Descrición do ámbito
  5. Información sobre a titularidade das parcelas
  6. Valoración dos terreos
  7. Fichas individualizadas por parcelas
    - 7.1. Fichas das parcelas. Deslinde
    - 7.2. Fichas descritivas: Follas individualizadas
    - 7.3. Follas xustiprezo (datos protexidos)
  8. Resumo da valoración
  9. Planos
  10. Anexo fotográfico
  11. Anexos documentais
    - 11.1. Decreto de Incoación
    - 11.2. Documentación do PEID CEIP PÁRROCO DON CAMILO
    - 11.3. Ficha do SUNC 615 CAMPOSANCOS – DA PEDREIRA – MATAMÁ
    - 11.4. Valoración. Método residual estático
    - 11.5. Informe de alegacións
    - 11.6. Certificado do trámite de exposición pública
- Anexo datos protexidos:
- 11.7. Información do Catastro. Relación de titulares
    - 11.8. Relación de titulares actualizada

Deste xeito, no que atinxe ao cumprimento do dito contido mínimo, as que subscriben a presente proposta e tralo análise técnico e xurídico do «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do PEID acceso ao CEIP PÁRROCO DON CAMILO» elaborada polos servizos técnicos do servizo de planeamento e xestión en data maio de 2026, versión para a súa aprobación definitiva, cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación.

Tocante ao procedemento, (Artigos 118 e seguintes LSG, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do RLSG) o proxecto de expropiación, con todos os documentos que o integran, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en data 19.12.2025, e sometido ao





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

preceptivo trámite de información pública durante un prazo dun (1) mes, do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feitos.

Así mesmo, as taxacións notificáronse individual e debidamente aos titulares de bens e dereitos no expediente, con traslado literal da folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, e así consta incorporado ao expediente electrónico de razón.

Trala análise das alegacións presentadas, e a emisión do correspondente informe técnico de data 18.05.2026, procederase á aprobación definitiva do expediente, implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados (artigo 118 apartado 10 da LSG e no artigo 293 apartado 10 do RLSC).

Unha vez informadas as alegacións recibidas, o expediente expropiatorio elevarase ao órgano competente para a súa aprobación definitiva, notificando o acordo de aprobación definitiva aos titulares de bens e dereitos afectados, conferíndolles un prazo de 20 días a fin de que manifesten a súa conformidade e/ou desconformidade coa valoración establecida, dándolles traslado do expediente e da folia de prezo xusto.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta, implica de conformidade co disposto no artigo 118.10 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación

En consecuencia, o pago ou depósito do importe da valoración establecidas, producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo da continuación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (artigo 118.11 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

### II.IV. Conclusión

Tralo análise técnico e xurídico da documentación técnica «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do PEID acceso ao CEIP PÁRROCO DON CAMILO» elaborada polos servizos técnicos do servizo de planeamento e xestión en data maio de 2026, versión para a súa aprobación definitiva, cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación, e procede a súa aprobación definitiva.

Con carácter previo a remisión da presente proposta ao órgano competente para a adopción do acordo de aprobación definitiva, procede remitir o expediente a Intervención Xeral Municipal, de conformidade co disposto no artigo 11 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, aos efectos da emisión do informe que corresponda, con carácter previo á aprobación definitiva.

### II.V. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local do Concello de Vigo (artigo 127.1.d) da LBRL), a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU, na súa versión consolidada, AD.Pleno do Concello do 06.09.2010).

S.ord. 07/08/2026



Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa consideración polo Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.: Estimar total ou parcialmente e desestimar ás alegacións presentadas, consonte ao informe de resposta ás alegacións emitido pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión en data 18.05.2026, que se asume como fundamento deste acordo.

SEGUNDO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao documento nomeado «*Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña*», documentación técnica redactada conxuntamente polos servizos técnicos da oficina de planeamento e xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data maio de 2026, versión para a súa aprobación definitiva.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta, implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación, de conformidade co disposto no artigo 118.10 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

En consecuencia, o pago ou depósito do importe da valoración establecidas, producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo da continuación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (artigo 118.11 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO.: Notificar o contido do presente acordo de aprobación definitiva do expediente e de xeito individualizado a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos que figuran no expediente, aos que se lles xuntará a correspondente folla de prezo xusto, conferíndolles un prazo de vinte (20) días hábiles, contados dende o seguinte ao de recepción da notificación do presente acordo. Durante dito prazo de vinte días poderán os interesados manifestar, mediante un escrito dirixido a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo a través dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, conforme dispón o artigo 118.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, advertíndolles que, transcorrido o citado prazo de vinte días sen que se formule oposición a la valoración, se entenderá aceptada a fixada no acordo aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade co artigo 118.8 de referida Lei 2/2016.

CUARTO.: O contido íntegro do proxecto expropriatorio definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urb\\_gest\\_exec\\_en\\_tramit.php?lang=cas](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_gest_exec_en_tramit.php?lang=cas), no apartado de Xestión/ Execución do Planeamento en tramitación.

QUINTO.: Perante o presente acordo que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación e/ou publicación. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente para a adopción do acordo adoptará, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(676).- APROBACIÓN INICIAL DO “PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS PARA A OBTENCIÓN DOS EQUIPAMENTOS SL-EQ-DM-758 E SL-EQ-DM-759”. EXPTE. 291/413.**

Visto o informe de fiscalización do 24/07/2026 e o acordo do Consello de Xerencia municipal de Urbanismo de data 21/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/07/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

##### **I. ANTECEDENTES E FEITOS**

I.I. O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal- PXOM/2025- definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do día 26.05.2025, na que se aprobou o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm. 146 do 04.08.2025 (Exp.15313/411).

O PXOM/2025 clasifica as parcelas afectadas como solo urbano consolidado e cualificadas como sistema local de equipamentos, dotacional múltiple, SL-EQ-DM-758 e SL-EQ-DM-759.

Na Memoria xustificativa do PXOM/2025 ditos equipamentos de sistema local se recollen do seguinte xeito:

DM 758 Reserva 1 en Bembrive xunto a SCDR Helios de 1.527 m<sup>2</sup>; obtención do solo:expropiación.

DM 759 Reserva 2 en Bembrive xunto a SCDR Helios de 1.622 m<sup>2</sup>; obtención do solo:expropiación.

I.II. En data 13.02.2025 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo ditou resolución pola que se dispuxo o inicio do procedemento administrativo para a obtención mediante expropiación dos sistemas locais previstos no PXOM/2025, identificados cos códigos EQ-758 e EQ-759, denominados Reserva de equipamento 1 en Bembrive xunto á SCDR Helios e Reserva de equipamento 2 en Bembrive xunto á SCDR helios, emprazados en solo urbano consolidado, dunha superficie de 1527m<sup>2</sup> e 1622 m<sup>2</sup> respectivamente, coa finalidade de transformalos en equipamento comunitario, encomendando ao Departamento de Desenvolvemento Urbanístico desta XMU a tramitación administrativa e a elaboración dos documentos técnicos necesarios, para o inicio e impulso do procedemento expropiatorio; Da antedita resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión que tivo lugar en data 18.02.2025.

I. IV. En data 04.02.2026 mediante oficio do Xerente de Urbanismo (número de notificación 1550-2026) solicitouse ao Rexistro da propiedade núm. 2 dos de Vigo, a expedición de certificación de dominio e cargas das parcelas afectadas, así como a expedición e anotación preventiva do inicio do expediente expropiatorio, dando cumprimento ao previsto no artigo 293 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, e ao recollido na Lei Hipotecaria.

S.ord. 07/08/2026



I.V. Asemade, procedeuse a notificación individualizada da resolución de incoación do expediente, aos titulares de bens e dereitos afectados segundo a relación de titulares catastrais actuais, do xeito e co resultado que obra incorporado ao expediente electrónico de razón.

I.VI. En data 07.07.2026 a arquitecta do servizo de planeamento e xestión, emite informe técnico de valoración das parcelas afectadas, (trámite 82 do expediente) no que conclúe que,

*(..)VALORACIÓN DAS PARCELAS DOTACIONAIS SL-EQ-DM 758 e SL-EQ-DM 759*

*A parcela da dotación SL-EQ-DM 758 ten un valor de 198.607,57 €, incluído o premio de afección do 5%*

*As dúas parcelas da dotación SL-EQ-DM 759 teñen un valor, incluído o 5% do premio de afección, de 206.891,03 €.*

***A suma das valoracións das parcelas dotacionais, incluído o 5% do premio de afección ascende á cantidade de 405.498,60 €.***

I.VII. En data 10.07.2026 incorpórase ao expediente electrónico o documento técnico nomeado “*Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos para a obtención dos equipamentos de SL-EQ-DM-758 e SL-EQ-DM-759*” documento para a aprobación inicial redactado polas arquitectas do servizo de planeamento e xestión en data xuño de 2026, asinado electronicamente en data 10.07.2026.

O Proxecto expropiatorio – versión para a súa aprobación inicial – consta dun pdf. que inclúe os seguintes cartafóis:

00.INDICE

01.Obxecto

02.Antecedentes

03.Condicións de Planeamento

04.Descripción do ámbito

05.Información sobre a titularidade das parcelas

06. Valoración dos terreos

07.Fichas individualizadas das parcelas

08. Resumo da valoración

09. Planos

10. Anexo fotográfico

11. Anexos documentais

I.VIII. Obra no expediente notificación rexistral fehaciente de asento de presentación expedida pola rexistradora do rexistro núm. 2 dos de Vigo en data 05.02.2026 no que certifica que o asento de presentación quedou estendido no lugar e data que se expresan: núm. de entrada 999, asento 418, diario 2026, en data 19.11.2025.

## II.FUNDAMENTOS DE DEREITO/ VALORACIÓN XURÍDICA

### II.I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,

- LSG (Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- RLSG (Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Lei do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa.
- Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.
- Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei de Solo.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do 26.05.2025, na que se aprobou o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm. 146 do 04.08.2025.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- O resto de disposicións que puideran afectar,

### II.II. Declaración de utilidade pública e necesidade de urxente ocupación

O artigo 85.1 da LSG 2/2016, do 10 de febreiro, dispón que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia que o propio PXOM/2025 establece que a obtención dos terreos necesarios realizarase mediante a aplicación dos mecanismos sinalados no artigo 129.1 LSG, ao sinalar que os terreos destinados polo planeamento as sistemas locais en solo urbano consolidado obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio ou por permuta forzosa....., prevendo o seu custo, a súa forma de obtención, (expropiación) así como unha previsión dos prazos de execución nos seis primeiros anos.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 117 e seguintes da LSG, o presente expediente tramítase polo procedemento expropiatorio por taxación conxunta (Art. 118 LSG). Esta previsión da normativa urbanística galega debe coonestarse coa normativa estatal, que contempla tamén -dun xeito similar- que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes (art. 42.2 do TRLSRU); tocante á habilitación para que a execución se realice por expropiación, basta remitirse ao amentado art. 129.3 da LSG antes transcrito, que prevé a aplicación discrecional do procedemento expropiatorio como un dos sistemas de obtención do solo no que o planificador prevé a implantación de sistemas locais.

### II.III. Tramitación do Procedemento de Taxación Conxunta

A LSG (Art. 118) e en similares termos o artigo 291 e seguintes do RLSG adócanse ao procedemento de expropiación por taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispón o procedemento de aprobación do mesmo.

No que atinxe ao cumprimento do dito contido mínimo, as que subscriben a presente proposta e tralo análise técnico e xurídico da documentación técnica elaborada polo departamento de planeamento e xestión en data

S.ord. 07/08/2026



xuño de 2026, asinado polas arquitectas de dito servizo en data 10.07.2026 do «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos para a obtención dos equipamentos SL-EQ-DM-758 e SL-EQ-DM-759»» versión para a súa aprobación inicial, cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación.

Tocante ao procedemento, (Artigos 118 e seguintes LSG, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do RLSC) o proxecto de expropiación, con todos os documentos que o integran, será aprobado inicialmente polo órgano municipal competente e deberá ser sometido a un trámite de información pública durante un prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Diario oficial de Galicia e nun diario dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no concerne á titularidade ou valoracións dos seus respectivos dereitos.

Así mesmo, as taxacións notificáranse individualmente ós que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, con traslado literal da folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Trala análise das alegacións presentadas, e a emisión do correspondente informe, procederase á aprobación definitiva do expediente, implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados (artigo 118 apartado 10 da LSG e no artigo 293 apartado 10 do RLSC).

II.IV. Necesidade de práctica da nota marxinal ao inicio do expediente expropiatorio no Rexistro da propiedade.

Obra no expediente notificación rexistral de asento de presentación expedida pola rexistradora do rexistro núm. 2 dos de Vigo en data 05.02.2026 no que certifica que o asento de presentación quedou estendido no lugar e data que se expresan: núm. de entrada 999, asento 418, diario 2026, en data 19.11.2025.

II.V. De conformidade co comentario efectuado ao expediente polo Xefe dos Servizos Centrais desta XMU, (trámite 36 do expediente) procede remitirle a presente proposta de aprobación inicial do proxecto expropiatorio, aos efectos de proceder a retención de crédito adecuado e suficiente para acometer o gasto.

#### II.VI. Conclusións

Tralo análise técnico e xurídico da documentación técnica elaborada polo departamento de planeamento e xestión en data xuño de 2026, asinado polas arquitectas de dito servizo en data 10.07.2026 do «*Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos para a obtención dos equipamentos SL-EQ-DM-758 e SL-EQ-DM-759*» versión para a súa aprobación inicial, cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación, e procede a súa aprobación inicial.

#### II.VII. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local do Concello de Vigo (artigo 127.1.d) da LBRL), a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU, na súa versión consolidada, AD Pleno do Concello do 06.09.2010).

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa consideración polo Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

«ACORDO





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «*Proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos equipamentos SL-EQ-DM-758 e SL-EQ-DM-759*», documentación técnica redactada conxuntamente polas arquitectas do servizo de planeamento e xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en data xuño de 2026, e asinada electrónicamente en data 10.07.2026.

SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e/ ou reclamación que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos, computándose o remate do referido prazo dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral que ten atribuída a competencia.

TERCEIRO: Notificar as taxacións de xeito individual a todas aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que teñan convenientes no prazo dun mes a partir da súa debida notificación.

CUARTO: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urb\\_gest\\_exec\\_en\\_tramit.php?lang=gal](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_gest_exec_en_tramit.php?lang=gal) no apartado de Xestión/ Execución do Planeamento en tramitación.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente para a adopción do acordo adoptará, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación da contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive. Expte. 99420/332.
- .- Proposta de nomeamento como persoal funcionario interino con cargo a prazas vacantes de auxiliar administrativo: Servizo de Benestar Social. Expte. 49427/220.
- .- Proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira con cargo a prazas de bombeiro/a e condutores/as bombeiro/a quenda libre: Oferta de Emprego Publico 2020-2021-2022. Expte. 49066/220.

S.ord. 07/08/2026



Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **22(677).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE. EXPTE. 99420/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 06/08/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) (alegacións)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- *Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.*

2º.- *Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 13/01/2026, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 28/01/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 2.067.963,48 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

| ANUALIDADE       | Importe (exento de IVE) |
|------------------|-------------------------|
| 2026 ( 4 meses)  | 187.996,68              |
| 2027 (11 meses)  | 516.990,87              |
| 2028 (11 meses)  | 516.990,87              |
| 2029 (11 meses)  | 516.990,87              |
| 2030 ( 7 meses ) | 328.994,19              |
| Total            | 2.067.963,48€           |

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 21 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) na seguinte orde descendente:

|   | Licitador                       | Puntuación total |
|---|---------------------------------|------------------|
| 1 | KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL | 98.00            |
| 2 | COLEGIO LOS MILAGROS, SL        | 77.72            |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

S.ord. 07/08/2026



**Terceiro.-** A resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL o 22 de maio de 2026. Dentro do prazo concedido, a licitadora presenta documentación e unha vez cualificada esta pola Mesa de Contratación, conséntase que a licitadora carece de Plan de Igualdade vixente debidamente inscrito no Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade, e, en consecuencia acorda, en data 12 de xuño de 2026, entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito no rexistro correspondente (artículo 71.1.d)), en consecuencia, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, segundo resolución do segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (resolución da Alcaldía do 15.05.2026), de data 21 de maio de 2026, COLEGIO LOS MILAGROS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles a documentación do artigo 150 da LCSP. Dentro do prazo concedido presenta a documentación requirida correctamente.

**Cuarto.-** En data 1 de xullo de 2026, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SA interpón recurso especial en materia de contratación nº 163/2026 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) que, en data 21 de xullo dita a resolución nº172/2026 na que estima parcialmente o recurso *“coa anulación do acordo de exclusión impugnado e a retroacción do procedemento para que o órgano de contratación analice e se pronuncie de forma motivada sobre a fiabilidade do licitador recorrente”*.

A Mesa de Contratación, para dar cumprimento a esta resolución a Mesa de Contratación, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda conceder un prazo de 3 días naturais para que a licitadora, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, aporte as probas que considere pertinente en relación as medidas adoptadas para demostrar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente.

A licitadora presenta documentación, o 24 de xullo, antes do devandito requirimento, e unha vez notificado o requirimento indicado mais arriba, a licitadora presenta escrito no que indica:

*“Que, tal y como ya se ha puesto de manifiesto, a pesar de que el Plan de Igualdad finalizó el 17/1/2026, el mismo se siguió aplicando, en toda su extensión por esta sociedad a todos sus trabajadores y trabajadoras y en todos sus centros e iniciándose, asimismo, los trámites para la negociación del II Plan de Igualdad. Como medidas adoptadas y acreditativas de lo anterior, esto es, de tratarse de una situación transitoria legalmente prevista y correctamente gestionada, sin solución de continuidad en la aplicación de las medidas de igualdad, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. aporta, en cumplimiento también de este requerimiento los siguientes documentos:*

- .-Memoria de cierre de 01/10/2025 como documento núm. 1; .*
- .-Acta de la 3ª reunión de seguimiento de 01/10/2025 como documento núm. 2;*
- .-Comunicación de promoción de la negociación de 27/2/2026 como documento núm. 3;*
- .-Citación a los sindicatos para constituir la comisión negociadora el 6/3/2026 como documento núm. 4;*
- .-Constitución de la comisión negociadora con fecha 23/4/2026 y calendario como documento núm. 5;*
- .-Certificado de empresa acreditativo de la continuidad en la aplicación del Plan de Igualdad hasta la aprobación del nuevo como documento núm. 6;*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

- .-Acta de la 1º reunión de la comisión negociadora como documento núm. 7;*
- .-Acta de la 2º reunión de la comisión negociadora como documento núm. 8;*
- .-Acta de la 3º reunión de la comisión negociadora de fecha 30 de junio de 2026 como documento núm. 9;*
- .-Solicitudes recibidas por los trabajadores y trabajadoras de la empresa para el acogimiento a varias de las medidas recogidas en el Plan de Igualdad, que han sido cursadas y aceptadas durante todo este año 2026 como documento núm. 10, para total constancia y prueba de que la aplicación del plan de igualdad de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L. ha sido actual, real efectiva y continua en el tiempo;*
- Como culminación del proceso de negociación, esta mercantil comunica a la Mesa de Contratación que con fecha 28 de julio de 2026 se firmó el II Plan de Igualdad de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. quedando el mismo registrado en REGCON con fecha 30 de julio. Se aportan los siguientes documentos para su verificación:*
- .-Acta de firma del II Plan de Igualdad; como documento núm. 11;*
- .-II Plan de Igualdad firmado con vigencia desde el 28 de julio de 2026 hasta 27 de julio de 2030, como documento núm. 12;*
- .-Justificante de registro en REGCON, como documento núm. 13.*

**Quinto.-** Á vista de toda a documentación aportada pola licitadora entre a que figura o II Plan de Igualdade e o xustificante de solicitude de inscrición do mesmo no REGCON (no que figura, comprobado de oficio por esta administración, o devandito plan asinado polas partes) e seguindo os termos establecidos na resolución nº172/2026 do TACGAL no marco deste mesmo procedemento (“*cómpre concluir que nun caso coma o presente no que se analiza se o licitador se atopa incurso na prohibición de contratar establecida no artigo 71.1 d) LCSP, non procedería esa exclusión de lograrse demostrar polo licitador afectado a xuízo do órgano de contratación e mediante a presentación das probas pertinentes que as medidas por el adoptadas son suficientes para acreditar a súa fiabilidade ao respecto*” (...)*“Nese sentido, esa conclusión sobre a fiabilidade non pode simplemente vir determinada pola falta de inscrición dese plan, pois esa é precisamente a causa da prohibición de contratar orixe da exclusión en cuestión, o cal deixaría sen efecto a posibilidade para o licitador de adopción de medidas correctoras no ámbito do self cleaning.”*) a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, considerar demostrada a fiabilidade do licitador KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL.

A documentación presentada pola licitadora, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no ROLECE no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- As escrituras de constitución e segregación da mercantil xunto coa escritura de apoderamento da súa representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (361.893,61 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

S.ord. 07/08/2026



- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (361.893,61 €), presentan certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- II Plan de Igualdade xunto coa solicitude de inscrición no REGCON e documentación relacionada coa negociación.
- Declaración de contar cunha porcentaxe superior ao 2 % de traballadores con discapacidade na súa plantilla
- Seguro de caución por importe de 89.956,41 € que cubre a garantía definitiva figurando no expediente o documento corresponde da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TXSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 6 de agosto de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 15 de maio de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

*“Adxudicar a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) por un prezo total do contrato de 1.799.128,23 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:*

- a) Incrementa as horas mínimas semanais de adicación ao servizo de Orientación Familiar fixadas no PPT (2 horas) en 37 horas/semanais.*
- b) Achega 15.005,45 euros para material didáctico.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(678).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO: SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 49427/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2026, sométese a aprobación o informe proposta do 03/08/2026, asinado polo técnico de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

**I.-** Consta incoado expediente para nomeamento de persoal interino no servizo de Benestar Social, coas urxencia e necesidades acreditadas, concretamente para chamamento de 2 auxiliar administrativo (C2) con cargo a vacante existente conforme ao artigo 10.1 a) do TREBEP (expediente 49427-220).

**II.-** De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, Acordo da Xunta de Goberno Local 29.08.2025) procedeuse ao chamamento das persoas candidatas, co resultado de aceptación recollido na dilixencia de verificación de datos incorporada ao expediente.

**III.-** Consta igualmente informe técnico de estimación da cuatificación económica de data 31.07.2026, incorporado ao expediente.

*"No ano 2026 as retribución anual do posto de Auxiliar Administrativo/a có incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:*

*Retribucións Básicas: 10.480,39 €*

*Complemento de Destino (Nivel 19): 6.128,20 €*

S.ord. 07/08/2026



Complemento Específico: 11.151,44 €  
 Estimación Seguridad social: 9.665,25 €  
 Estas retribucións estarán vixentes ata final do exercicio 2026.

A partir do ano 2027 os custes dun posto de Auxiliar Administrativo, co incremento do 4,5%, e a consolidación do 0,5% do incremento do IPC de 2026, contemplado para o ano 2027 no Acordo Marco pola Mellora do Emprego Público e o Servizo a Cidadanía:

Retribucións Básicas: 11.006,00 €  
 Complemento de Destino (Nivel 19): 7.673,87 €  
 Complemento Específico: 11.746,64 €  
 Estimación Seguridad social: 10.120,68 €."

**IV.-** Coa proposta de nomeamento realizada respéctase o límite da taxa de cobertura temporal por debaixo do 8% das prazas estruturais do Concello de Vigo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.- Normativa de aplicación.-** --Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4o sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1o) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

*aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

*En similar senso, a STJG de 15 de febreiro de 2017 establece que:*

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18a de la Constitución.”*

### **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a cobertura de vacante (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva, e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Consta incorporada a verificación dos chamamentos realizados no presente procedemento conforme aos vixentes criterios co seguinte resultado: (...)

De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19.09.2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento

S.ord. 07/08/2026



das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

**Auxiliar, vacante, Benestar Social: A. B. VIEIRA PARADA con DNI \*\*\*3435\*\***

**Auxiliar, vacante, Benestar Social: J. M. SOTO HERMIDA con DNI \*\*\*0646\*\***

### III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### IV. - Proposta de gasto

Consta informe técnico de data 31.07.2026 sobre a cuantificación económica que recolle o seguinte:

*“No ano 2026 as retribución anual do posto de Auxiliar Administrativo/a có incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:*

*Retribucións Básicas: 10.480,39 €*

*Complemento de Destino (Nivel 19): 6.128,20 €*

*Complemento Específico: 11.151,44 €*

*Estimación Seguridade social: 9.665,25 €*

*Estas retribucións estarán vixentes ata final do exercicio 2026.*

*A partir do ano 2027 os custes dun posto de Auxiliar Administrativo, co incremento do 4,5%, e a consolidación do 0,5% do incremento do IPC de 2026, contemplado para o ano 2027 no Acordo Marco pola Mellora do Emprego Público e o Servizo a Cidadanía:*

*Retribucións Básicas: 11.006,00 €*

*Complemento de Destino (Nivel 19): 7.673,87 €*

*Complemento Específico: 11.746,64 €*

*Estimación Seguridade social: 10.120,68 € “*

### V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

### V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e da Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación nos termos das delegacións competenciais efectuadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.11.2025.

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Auxiliar administrativo (C2) con cargo a vacantes no Servizo de Benestar Social a:

- A. B. VIEIRA PARADA con DNI \*\*\*3435\*\*
- J. M. SOTO HERMIDA con DNI \*\*\*0646\*\*

- Categoría profesional: Auxiliar administrativo (C2)
- Modalidade legal: persoal funcionario interino con cargo a praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP).
- Destino: Servizo Benestar Social.
- Período temporal: ata a cobertura do posto - letra a) do artigo 10.1 do TREBEP-, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de tres anos de duración.

**SEGUNDO.-** Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal, e ao Servizo de Benestar Social, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto

S.ord. 07/08/2026



administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(679).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS DE BOMBEIRO/A E CONDUTORES/AS BOMBEIRO/A QUENDA LIBRE: OFERTA DE EMPREGO PUBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 49066/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o o informe de fiscalización de data 07/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2026, asinado polo técnico de xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.-Consta no expediente administrativo nº 48074-220, acordo da Xunta do Goberno Local de data 17/04/2026 onde se nomearon a 23 funcionarios en prácticas con cargo ás 23 prazas convocadas de Bombeiro/a, acceso libre, enmarcadas no sugrupo C2 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais, clase, extinción de incendios, incluídas nas OEP 2020-2021-2022 (1ª fase), propostos polo Órgano de Selección.

Os/as funcionarios/as nomeados/as tomaron posesión o día 20/05/2026.

2.- En acta de data de sinatura electrónica de 23/07/2026 (trámite 164 do expediente 48761/220), a Comisión de Valoración estimou a reclamación presentada por Peleteiro Rey, A. contra o acordo de 06/07/2026, declarando superado o curso selectivo con fundamento no informe de Seganosa de 21/07/2026 e acordando dar traslado á Área de Recursos Humanos e Formación para a continuación da tramitación do seu nomeamento como funcionario de carreira, sen prexuízo da posterior incorporación ao expediente da copia do certificado profesional no seu modelo oficial

3.-Consta no expediente (trámite 150) informe-proposta emitido polo Suboficial do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), conformado pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no que se informa favorablemente o nomeamento como funcionarios de carreira de D. M. Taibo Castro e D. A. Corbacho Rodríguez nas prazas de condutor-bombeiro, e de D. A. Peleteiro Rey na praza de bombeiro, por considerar acreditado que reúnen a totalidade dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, na normativa de aplicación e nos criterios internos do





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

SPEIS relativos á integración no posto de traballo, propoñéndose a elevación da correspondente proposta á Área de Recursos Humanos e Formación para a súa tramitación.

### I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige*

S.ord. 07/08/2026



*por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “*son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente*”, estableciendo que “*en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.*”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

## **III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e demais disposicións concordantes.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.2139 /1102

Non obstante o anterior, a xornada, horarios, quendas de traballo e réxime de descansos do persoal adscrito ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) rexeranse polos acordos específicos da Xunta de Goberno Local vixentes en cada momento para este servizo, así como polas súas modificacións ou disposicións de desenvolvemento que poidan aprobarse. Deben considerarse, en todo caso, as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

### IV. - Proposta de gasto.

Efectuase unha remisión expresa ao contido dos informes técnicos e de fiscalización previa e preceptiva emitidas aos expedientes electrónicos da convocatoria e bases rectoras das Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase) así como ao informe de fiscalización emitido ao expediente de nomeamento como funcionarios en prácticas (48074-220) sen prexuízo do cal solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización, debendo indicarse que as prazas obxecto de provisión definitiva con funcionarios de carreira atópanse dotadas orzamentariamente nos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2026.

### V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva.

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

### VI. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade das concelleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución de Alcaldía de data 28/06/2024) e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e

S.ord. 07/08/2026



Xestión Municipalda (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025).

#### VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

**“PRIMEIRO.-** Nomear como funcionarios de carreira con cargo a unha (1) das vinte e tres (23) prazas vacantes de bombeiro/a e a dúas (2) das sete (7) prazas vacantes de conductor/a-Bombeiro/a, incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local en acordo de 17/04/2026 (Exp. 48074220) ao ter acreditado os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, na normativa de aplicación e nos criterios internos do SPEIS relativos á integración no posto de traballo e que son os seguintes:

| APELIDOS           | NOME | NP    | PRAZA                  |
|--------------------|------|-------|------------------------|
| PELETEIRO REY      | A.   | 84948 | BOMBEIRO/A             |
| CORBACHO RODRIGUEZ | A.   | 84947 | CONDUCTOR/A-BOMBEIRO/A |
| TAIBO CASTRO       | M.   | 84792 | CONDUCTOR/A-BOMBEIRO/A |

**SEGUNDO.-** Dispoñer que os aspirantes nomeados deberán tomar posesión como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes contado a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais rectoras da convocatoria das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase).

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, as conselleiras, delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipalda, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e á Xunta de Persoal, para coñecemento e efectos.

**CUARTO.-** Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulte competente, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(680).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo intervencións neste punto.





**CONCELLO DE VIGO**

Expte.2139 /1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 14/08/2026 13:11:56

Documento asinado

S.ord. 07/08/2026



Data sinatura: 14/08/2026 CSV: A7B7BE-D7BC4D-33C586-7MANHC-QCA5JD-FD Verificable en  
[www.vigo.org/csv](http://www.vigo.org/csv) 2139-1102 Aprobado por XGL 14/08/2026